

### Expourense no Día de Galicia en Braga



Páxina 17

A Feria Internacional de Agricultura, Gando e Alimentación (AGRO) que se celebrou en Braga (Portugal), dedicou una xornada a Galicia e contou cunha visita institucional integrada pola delegada territorial da Xunta de Galicia, Marisol Díaz Mouteira, polo director

xerente de Expourense, Alejandro Rubín Carballo e por medios de comunicación ourensáns. Foi a edición 49 desta feira na que se desenvolveu un relevante papel de promoción e divulgación dos produtos e que serviu de punto de encontro das empresas agroalimen-

tarias de todo Portugal recibindo máis de 100.000 visitas en catro días. Na foto, Marisol Díaz e Alejandro Rubín co presidente da Cámara Municipal de Braga, Ricardo Río e outras autoridades portuguesas, no stand de Expourense.

No interior  
Suplemento  
"Festas de  
Arbo e  
Melgaço"

Vigo estrea  
voos a Boloña  
e Dublín

Páxina 6

Homenaxe aos  
adequeiros na  
Feira do Viño  
de Amandi

Páxina 10

50 aniversario  
do polígono  
de San Cibrao  
das Viñas

Páxina 20

### TIENDAS DE CONFIANZA

#### NAVIA CENTER

Teixugueiras, 25 NAVIA - VIGO Tel. 986 246 067  
naviacenter@gmail.com

#### BOINSCON CENTER

Concha Brey, 4 PONTEAREAS Tel. 986 640 067  
tienda@boinscon.com



### MASTER

CADENA

ABIERTO TAMBIÉN SÁBADO TARDE

ELECTRODOMESTICOS - AIRE ACONDICIONADO - INFORMÁTICA - RELEFONÍA - CANAL +

## Opinión

## Cadernos da viaxe

**Por: Xoán Antón Pérez-Lema**



## España desconfía dos pactos

**A** incapacidade dos partidos españois para chegar a un pacto de goberno no Estado é paradigmática . PP; PSOE. C's e Podemos tecen e destecen cara á galería, obsesionados con perder posicións tácticas, resoltos no fondo a non ceder das súas posicións. A lóxica competitiva imponse á cooperativa e avanzar cara ao compromiso non ten premio, malia a realidade da existencia dunha maioría de votos que empurra cara a un goberno progresista de centro- esquerda.

Em realidade, esta actitude xeralizada ten fondas raigames na historia política e social de Castela como núcleo que se impuxo aos restantes países do Estado. A Coroa de Aragón, formada polos Reinos de Mallorca, Valencia e Aragón e o Principat catalán baseábase na confederación voluntaria destes Estados e máis no pacto do Rei con cadanseus parlamentos (superiores ao Rei). Navarra ou Biscaia baseábanse nos pactos forais e na Galicia e Portugal valorábanse sobrebranceiramente as capacidades de negociación e compromiso.

Pola contra, a Coroa de Castela construíse sobre a primacía do Rei e a unificación forzosa de leis e relixións. Castela liquidou a tradición de convivencia das tres relixións do Libro que un día imperou en Toledo e expul-

sou xudeus e musulmáns, mentres sometía á doma e castración ao noso país, liquidaba de feito as Cortes e, logo de sangrentas guerras, suprimía as liberdades aragonesas, valencianas e catalás (1707-1714) e laminaba os foros vascos (1839 e 1876).

O século XIX e o primeiro terzo do XX afondaron nunha España que resolvía os seus conflitos, tanto sociais como territoriais, dende a imposición. Callou, ao tempo, un modelo de español que ten as cousas claras e que pensa do único xeito que se pode pensar. Para este modelo, ben presente na política e na educación, os compromisos e pactos son “componendas” de xente feble ou dubidosa, cando non abertamente disolvente.

A guerra civil e a longa ditadura franquista levaron ás últimas consecuencias esta aversión ao compromiso, permitindo deste xeito que unha pequena elite monopolizase o poder político e as claves do capitalismo de amiguetes que o réxime centralista propiciou.

E velaí o resultado. Desconfianza e aversión cara á plurinacionalidade, fomento do capitalismo de amiguete fronte á libre concorrencia e incapacidade para construír cooperando. Incapacidade para o compromiso no que gañemos todos.

## Avarentos e incompetentes

**P**ois o da Europa dos Estados rematou por ser a máxima expresión de todos os defectos dos malos políticos: a burremia, a incompetencia, a covardía, a roñería.... E, claro, estes defectos aparentemente comúns producen o efecto que ven de denunciar Manolo Rivas: que o partido da inhumanidade lle vaia gañando ao partido da humanidade.

Tomo os adxectivos “avarentos” e “incompetentes” doutra opinión contrastada e valiosa, a do profesor Antón Losada. Porque o acordo entre a Unión Europea e Turquía, vixente dende o domingo 20 para devolver os refuxiados ao país euroasiático, é inhumano. Velaí a opinión das máis acreditadas ONG: ACNUR, Intermon Oxfam ou Amnesty International. Mais tamén é un acordo propio de incompetentes. Con 550 millóns de habitantes Europa ten capacidade para acoller moitos máis refuxiados. O que compre é organIzación, vontade política, sentido de Estado e eficiencia. Trátase, ademáis, de persoas pertencentes ás capas medias da poboación siria e iraquí cun grao de formación medio a medio alto. Arrequerería substancialmente unha Europa demográfica e intelectualmente minguante. Que incompetentes e que avarentos!

O terrorismo islamista na Europa é cousa de europeos, persoas nadas aquí. Os refuxiados son totalmente alleos a esta cuestión. E haberían ser os Gobernos europeos os que informaran a xeito. Claro é que estes Gobernos de incompetentes non son quen nin de coordinar as súas centrais policiais e axencias de información e seguranza. Europa será doada vítima do islamismo se non se avanza, de vez, cara á diplomacia e defensa únicas europeas. E cara esa coordinación policial e da espionaxe e contraespionaxe que resulta obrigada.

Mágoa da ollar cara o Goberno de calquera Estado europeo. U-lo Vaclav Havel, Willy Brandt, Olof Palme ou mesmo Guy Verhofstadt de hoxendía? Só en países nos que sobrancean partidos moi vencellados aos problemas da cidadanía e á gobernanza de proximidade (Islandia, Escocia, Euskadi...) atopamos unha first minister escocesa Nicola Sturgeon, un lehendakari vasco Iñigo Urkullu...Excepcións de carne e óso aos avarentos e incompetentes.

E así nos vai. Pechando Europa á humanidade. Pechando Europa ao coñecemento. E abrindo-a ao terrorismo islamista. Coa súa roñería de avaros. Coa súa burremia de incompetentes.



## Baldomero Iglesias Dobarrío

## Mero

**E**mpezamos a notar como aquela idea de liberdade e de democracia como mal menor. Esvaece novamente aquela ansia de, por fin, ser persoas satisfeitas de ter nacido, traballado e loitado por facer un mundo mellor desde o aporte que cada un de nós facemos. Esvaece a idea aquela, sublime, ao ver aos que pensan por nós os que lexislan por nós, os que interpretan por nós, os que se rin de nós, os que deciden por nós un mundo que, eles ben saben, non queremos. Por iso son os que mexan por nós, e eu insisto en saberme non representado por eles, pois engaiolan a titiriteiros que – exercendo a liberdade expresiva – rin deste mundo ao que nos trouxeron aqueles que din gobernarnos e non o fan. Tampouco me sinto representado polos que meteron no cárcere a inocentes que, sinxelamente, discrepaban. Aos que se lles inventaron crimes inexistentes,

aos que se lle demonizaron intencións terroríficas. Son tamén malos xestores, moi malos, non hai que ser moi listos para ver o cada vez máis inxusto reparto da riqueza. Non, non me sei representado polos que roubaron tanto, polos que protexeron a bancos e a corruptos, polos que non perseguen o crime manifesto e organizado, polos que puxeron a sanidade e a educación no precipicio da indignidade e a vergoña, no maltrato e desconsideración dos que non se valen e precisamente por iso, son castigados deste xeito que todos os días descontamos dos ollos. Non, claro que non, a min non me representan eses que menten desde a boca e as

moitas perdas. Que a dignidade ten moitas máis. Que o que nos viñeron contando era mentira e segue a ser mentira. Por riba as leis non se executan para responder a este estado de caos absoluto. Non hai traballo e o que hai, é deplorable, sempre precario. Non hai vivendas para os marxinados, a xente segue a buscar na caridade e nos cubos do lixo. Eles, alá arriba, están ben alimentados. Lonxe de calquera dor que poidamos ter nas nasas carnes. Pero non lles chega con iso, foron debilitados e despostos de futuro, fótonos destruindo e acabando con eles. As perspectivas de recuperación, de rexeneración, de benestar e de futuro, están polo chao. Hoxe criminalízase todo. Todos están de acordo. Lanzan o bulo, e todos menten. Non só se criminaliza á ficción, tamén as presuntas intencións, remotas e hipotéticas, que elaboran eles, na súa mente parabólica, tal coma o censor de turno doutros tempos. Criminalizan os sonhos, sobre todo aqueles nos que eles non están de protagonistas, onde se podía respirar con sosego, sen especulacións, sen roubos, sen ameazas e medos, sen recortes de vida, sen que eles destrocen máis o pouco que nos queda, o



*"O máis humano é discrepar"*

6  
 7  
 8  
 9  
 10  
 11  
 12  
 13  
 14  
 15  
 16  
 17  
 18  
 19  
 20  
 21  
 22  
 23  
 24  
 25  
 26  
 27  
 28  
 29  
 30  
 31  
 32  
 33  
 34  
 35  
 36  
 37  
 38  
 39  
 40  
 41  
 42  
 43  
 44  
 45  
 46  
 47  
 48  
 49  
 50  
 51  
 52  
 53  
 54  
 55  
 56  
 57  
 58  
 59  
 60  
 61  
 62  
 63  
 64  
 65  
 66  
 67  
 68  
 69  
 70  
 71  
 72  
 73  
 74  
 75  
 76  
 77  
 78  
 79  
 80  
 81  
 82  
 83  
 84  
 85  
 86  
 87  
 88  
 89  
 90  
 91  
 92  
 93  
 94  
 95  
 96  
 97  
 98  
 99  
 100  
 101  
 102  
 103  
 104  
 105  
 106  
 107  
 108  
 109  
 110  
 111  
 112  
 113  
 114  
 115  
 116  
 117  
 118  
 119  
 120  
 121  
 122  
 123  
 124  
 125  
 126  
 127  
 128  
 129  
 130  
 131  
 132  
 133  
 134  
 135  
 136  
 137  
 138  
 139  
 140  
 141  
 142  
 143  
 144  
 145  
 146  
 147  
 148  
 149  
 150  
 151  
 152  
 153  
 154  
 155  
 156  
 157  
 158  
 159  
 160  
 161  
 162  
 163  
 164  
 165  
 166  
 167  
 168  
 169  
 170  
 171  
 172  
 173  
 174  
 175  
 176  
 177  
 178  
 179  
 180  
 181  
 182  
 183  
 184  
 185  
 186  
 187  
 188  
 189  
 190  
 191  
 192  
 193  
 194  
 195  
 196  
 197  
 198  
 199  
 200  
 201  
 202  
 203  
 204  
 205  
 206  
 207  
 208  
 209  
 210  
 211  
 212  
 213  
 214  
 215  
 216  
 217  
 218  
 219  
 220  
 221  
 222  
 223  
 224  
 225  
 226  
 227  
 228  
 229  
 230  
 231  
 232  
 233  
 234  
 235  
 236  
 237  
 238  
 239  
 240  
 241  
 242  
 243  
 244  
 245  
 246  
 247  
 248  
 249  
 250  
 251  
 252  
 253  
 254  
 255  
 256  
 257  
 258  
 259  
 260  
 261  
 262  
 263  
 264  
 265  
 266  
 267  
 268  
 269  
 270  
 271  
 272  
 273  
 274  
 275  
 276  
 277  
 278  
 279  
 280  
 281  
 282  
 283  
 284  
 285  
 286  
 287  
 288  
 289  
 290  
 291  
 292  
 293  
 294  
 295  
 296  
 297  
 298  
 299  
 300  
 301  
 302  
 303  
 304  
 305  
 306  
 307  
 308  
 309  
 310  
 311  
 312  
 313  
 314  
 315  
 316  
 317  
 318  
 319  
 320  
 321  
 322  
 323  
 324  
 325  
 326  
 327  
 328  
 329  
 330  
 331  
 332  
 333  
 334  
 335  
 336  
 337  
 338  
 339  
 340  
 341  
 342  
 343  
 344  
 345  
 346  
 347  
 348  
 349  
 350  
 351  
 352  
 353  
 354  
 355  
 356  
 357  
 358  
 359  
 360  
 361  
 362  
 363  
 364  
 365  
 366  
 367  
 368  
 369  
 370  
 371  
 372  
 373  
 374  
 375  
 376  
 377  
 378  
 379  
 380  
 381  
 382  
 383  
 384  
 385  
 386  
 387  
 388  
 389  
 390  
 391  
 392  
 393  
 394  
 395  
 396  
 397  
 398  
 399  
 400  
 401  
 402  
 403  
 404  
 405  
 406  
 407  
 408  
 409  
 410  
 411  
 412  
 413  
 414  
 415  
 416  
 417  
 418  
 419  
 420  
 421  
 422  
 423  
 424  
 425  
 426  
 427  
 428  
 429  
 430  
 431  
 432  
 433  
 434  
 435  
 436  
 437  
 438  
 439  
 440  
 441  
 442  
 443  
 444  
 445  
 446  
 447  
 448  
 449  
 450  
 451  
 452  
 453  
 454  
 455  
 456  
 457  
 458  
 459  
 460  
 461  
 462  
 463  
 464  
 465  
 466  
 467  
 468  
 469  
 470  
 471  
 472  
 473  
 474  
 475  
 476  
 477  
 478  
 479  
 480  
 481  
 482  
 483  
 484  
 485  
 486  
 487  
 488  
 489  
 490  
 491  
 492  
 493  
 494  
 495  
 496  
 497  
 498  
 499  
 500  
 501  
 502  
 503  
 504  
 505  
 506  
 507  
 508  
 509  
 510  
 511  
 512  
 513  
 514  
 515  
 516  
 517  
 518  
 519  
 520  
 521  
 522  
 523  
 524  
 525  
 526  
 527  
 528  
 529

Por: Antonio Manuel

**S**on docente e xurista. A miña profesión consiste en aprender e ensinar que a lei debe ser a forza dos débiles. A nosa garantía fronte ás inxustizas do poder político, económico e ideolóxico. A lei non é a porta que nos pechan nos narices para excluírnos das súas decisións, senón a chave mestra que a abre aínda que cambien de pechadura.

De entre as moitas normas que lin na miña vida, a máis luminosa non foi redactada por un político en ningún parlamento. Fíxoo un xornaleiro con faltas de ortografía durante a ditadura de Primo de Rivera. Trátase do art. 2 del Regulamento do Ateneo Popular de Almodóvar del Río, e di así: "Cando na vida colectiva se cometa unha arbitrariedade por parte dos poderes públicos contra o inviolable dereito de xentes ou contra a libre emisión do pensamento, esta entidade deberá facer pública a súa disconformidade polo medio que estime máis oportuno, por canto o silencio ante o atropelo cometido equivale á tácita conformidade co mesmo".

Aquel xove anarquista elevou o deber cívico de resistencia a rango de lei. Algo que non fomos capaces de conseguir na maioría das democracias occidentais. O máis desolador é que onde si o fixeron, como Portugal ou Grecia, só serviu para demostrar que o papel non resiste o peso de millóns de débeda, por moi constitucional que sexa.

Puidera parecer contradictorio que quen desobedece ou resiste ao poder encontre protección na ordenación contra o que se rebela. Eu non o creo así. O art. 20.4 da Grundgesetz establece que "todos os alemáns teñen o dereito de resistencia contra calquera que intente eliminar esta orde cando non fora posible outro recurso".

O democrático art. 21 do Proxecto de Constitución francesa da Cuarta República (1946) dicía que "cando o goberno viola a liberdade e os dereitos garantidos pola Constitución, a resistencia en calquera forma é o máis sa grado dos dereitos e o máis categórico

## A forza dos débiles e o deber de resistencia

*Estamos asistindo indefensos a un proceso de dismantelamento constitucional dos dereitos fundamentais do cidadán, degradado con sorte a simple consumidor ou incluso a humano sen dereitos humanos, opina o autor*

dos deberes". Esta norma foi rexeitada ao igual que o art. 50.2 do proxecto constitucional italiano: "Cando os poderes públicos violen as liberdades fundamentais e os dereitos garantidos pola Constitución, a resistencia á opresión é dereito e deber do cidadán".

A imposibilidade de invocar constitucionalmente o dereito-deber de resistencia coloca aos disidentes á marxe

a toda a burocracia garantista do Estado de Dereito.

Pero todo ten un límite. Somos os cidadáns quen temos que defendernos do poder cando emprega as leis para matar a pedazos a propia Constitución como garantía dos débiles. A esta actitude chámase Ermanno Vitale "resistencia constitucional".

Por moi legal que sexa, non podemos consentir ataques tan burdos á sepa-



ou contra a lei. Reducidos á radicalidade ou á nada. Aí está a trampa. E a mentira. Estamos asistindo indefensos a un proceso de dismantelamento constitucional dos dereitos fundamentais do cidadán, degradado con sorte a simple consumidor ou incluso a humano sen dereitos humanos.

Dun lado, como explica Bobbio, o poder político pasou a ser un subsistema dun sistema global dependente dos poderes económico e ideolóxico. Non coñecemos as caras de quen nos someten, nin as sedes desde onde nos tiranizan. E doutro, estes poderes lograron que unha ampla maioría social o consinta coa coartada de que vivimos en democracia. Para iso temos aos xuíces, aos defensores do Pobo e

ración de poderes como que o presidente do noso máximo tribunal de garantías fora militante do partido que nos goberna e dite os artigos da infame reforma laboral. Por moi legal que sexa, non podemos consentir que os procesos de elección de presidentes de gobernos se salten o referendo básico das urnas.

Por moi legal que sexa, non podemos consentir o maior escándalo inmobiliario perpetrado pola xerarquía católica con normas inconstitucionais. Por moi legal que sexa, non podemos consentir máis recortes e privatizacións en dereitos e bens fundamentais, especialmente contra migrantes, estudantes, mulleres, dependentes, desempregados. Por moi legal que

sexa non podemos permitir que ata nos calen a boca.

A nosa Constitución é imperfecta. Sen dúbida. Serei o primeiro en acudir á trincheira cando sexamos chamados ás filas dun novo proceso constituínte. Pero coincido con Ferrajoli en que o "constitucionalismo" é o punto máis elevado do progreso moral e civil que a Humanidade teña logrado traducir en dereito positivo ata os nosos días. E o constitucionalismo é a liña vermella que todas e todos debemos impedir que sigan cruzando impunemente o poder económico, ideolóxico e político, nesa orde. Porque son eles quen o están a reducir á anemia utilizando como arma e escusa a propia Constitución.

Por iso apoio sen reservas o exercicio da resistencia non violenta como método para denunciar os atropelos que se cometen contra os máis débiles no nome da lei. Cando Thoureau se negou en 1846 a pagar impostos como protesta á guerra de conquista contra México, estaba incumprindo a lei. Cando Rosa Parks foi arrestada en 1955 por negarse a desocupar un asento reservado aos brancos, estaba incumprindo a lei.

Cando as mulleres de Corralas ocupan un edificio vacío que non cumpre a súa función social, está incumprindo a lei. Cando xornaleiros fan o propio cunha finca infrautilizada, está incumprindo a lei. Cando cidadáns protestan contra a lei que os impide protestar, degradando a liberdade de expresión á nada, están incumprindo a lei. Pero todos son exercicios lexítimos de "resistencia constitucional". Aínda que nin a mesma Constitución os defenda.

PD.- Aquel mozo anarquista acabou sendo o último alcalde republicano da súa vila que é a miña. Desapareceu no fronte de Pozoblanco durante a guerra civil. Pero o seu fermoso artigo segue vixente nos estatutos dos Ateneos de Andalucía

Tomado de LA MAREA- Traducción de Montserrat Rodriguez

**Director:** Guillermo Rodríguez Fdez.  
T.658 58 50 49  
guillermo@novasdoeixoatlantico.com  
**Edita:** Editorial NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO S.L.  
Avda. Sarmiento Rivera, 4-4ºD  
(36860 PONTEAREAS - GALIZA) - T. 986 64 12 69  
redaccion@novasdoeixoatlantico.com

**Imprime:** Publicaciones Tameiga S.L.  
**Publicidade:** Departamento propio  
e axencias  
publicidade@novasdoeixoatlantico.com  
**Fotografía:** Hernández e departamento propio  
**Deseño e maquetación:** Miguel G. Montero

**Colaboradores:**  
**GALIZA:** Jesús Losada (jlosadadorado@gmail.com) - Rocio Rodríguez (luzro81@hotmail.com) - Montserrat Rodríguez (cursosospanhol.cep@gmail.com) - Porto Ucha - Raquel Vázquez - C. Méixome - M. Xiraldez - M. Rguez. Alonso - X. Maure - Uxío Breogán - Pérez Lema - X. Glez. Mtnez. - M. Bragado - B. Iglesias (Mero) - L. Mtnez. Risco - Fco. Peña - Nemesio Barxa - Andrea GORO - Anxo Mena - I. Otero Varel - Susi Rodríguez  
**PORTUGAL:** Viale Moutinho - Manso Preto - Isabel Varela - Manuel Gonçalves - João Martinho.  
**MADRID:** -Juan Louzán - BARCELONA : Fdez. Valdeorra - PAIS VASCO. Nicolás Xamargo.  
**CANARIAS:** Fco. Puñal.  
**NOVA IORQUE:** Fco. Alvarez (KOKI)  
**Fotografía:** Hernández - A. Gutiérrez - M. Preto -Dpto. Propio.  
**Humor:** Tokio, Martirena, Pepe Carreiro, X. Marín, M. Fernández (HERMENAGER)  
**Depósito legal:** VG-138-2015

## Letras

# Manuel María, poeta grande do Povo Galego

Nasce a 1929 numa familia camponesa acomodada de Outeiro de Rei, Lugo. A sua casa familiar, a casa de hortas, é matria, patria, fundamento, que recolhe en herdo o último alento do poeta. E hoje é a casa-museo, que devedes visitar. Nós pasamos, a casa permanece, di el. Nesta casa estivo Anxel Fole, Novoneyra, Díaz Castro, José Lois, José Estévez, Blanco Amor,... e conserva as pertenzas e os libros do grande poeta da Galiza. A casa erguida con xisto e cantería por obra dos avós, é fermosa, forte, firme, fachendosa.


A súa infancia transcorre na Terra Cha, entre a II República, a Guerra Civil e a dura posguerra. Aínda así Manuel María non sufriu directamente as consecuencias do conflito, pois o seu pãe foi alcalde de Outeiro de Rei até 1943. Según o seu fillo, era bo, paciente, sinxelo, tolerante e preocupábase cos lerios da casa municipal. O pãe morre prematuramente e, depois, faino o fillo Jesús María, vítima dum atropelo, o que os ensumiu numa fonda tristura. A mãe é a metonimia da casa, segura, ergueita. Representa para o fillo a tradición, a interlocução cos devanceiros da terra, a loita contra a preguiza, a fame e a pobreza. Delegará no tío paterno, o cura don José, a responsabilidade da formación e estudos do pequeno Manuel María. Nas suas propias palabras, a infancia é a súa patria verdadeira, o seu paradiso perdido. Foi este um período de experiencias iniciáticas, de sonhos e fantasías, de banhos no Minho de furtos de fruta nas hortas vecinhas, de apanhar grilos e vacalouras, de gozar no verán das praias e banhos de mar na Corunha, onde ficou engaiolado pelo monumento a outro grande das letras galegas: o poeta -nascido en Celanova- Curros Enríquez; obra deseñada pelo escultor Francisco Asorey. O primeiro desencontro procede da escola, institución programada pela ditadura franquista para a alienação e colonização das novas gerações galegas, negadora da lingua galega como medio de comunicación. O mestre, Domingo Cabana, amigo e vecinho, abandona na escola a lingua habitual entre eles, o que acovarda ao jovem Manuel María e o sume na inseguridade, marcándoo para sempre.

No ano 1940 descobre na nova escola de Rábade a literatura galega. As aulas dos sábados à tarde, o mestre Joán Bautista Núñez Varela dedicábale a ler um conto ou um poema em galego e así foi como conheceu a Rosalía de Castro. Con trece anos ingresa no instituto masculino de Lugo, hoje Lucus Augusti. O seu tío e os Maristas põe-no em contacto coa Biblia, a teoloxía, a filosofía e a

literatura espaholas: Ancipreste de Hita, frei Luís de León, Lope de Vega, Góngora, Bécquer ou Rubén Darío. É de resaltar também a atención e estímulo que lle presta aos seus primeiros poemas o jornaleiro da casa Manuel de Paderna, quen lle obsequiaba cun cigarro enteiro ou com meio, en función da calidade das rimas dos seus primeiros poemas.

Da man do mestre Lázaro Montero, conhece

acto galeguista permitido pelo Régime. Pela sua obra Libro de pregos recebe o Premio Pondal de Poesía concedido pelo Centro galego de Buenos Aires. Participa em numerosos certames, concursos e recitais com Uxío Novoneyra e Antón Avilés de Taramancos. Animado pelo seu amigo Celso Emilio Ferreiro, prepara o concurso de procurador dos tribunais, que aprova em 1957, sendo desti-



a Xeración do 27 espanhola e, en especial, a Rafael Alberti. O mozo, cheo de ilusiões e sonhos, vive um tempo gris de amedrontamento religioso, derrota das liberdades e victoria do medo e da imposición fascista; de censura e silencio autoimposto pelos escritores que sobrevivirám. Mas nas tertulias, Manuel María recibiu memoria galega. Com dezanove anos debuta como conferenciante, falando sobre Juan Ramón Jiménez. Trata a Luis Pimentel, entre outros e, com moitas dificultades, consegue ir publicando poemas e livros em galego: em pequenas editoriais, no estrangeiro,... Aínda que ele gostaria de estudar Filosofía e Letras, por preção do seu tío, comeza a estudar Dereito em Santiago de Compostela.

Cando fiz a tropa coincidiu co poeta do Courel, Uxío Novoneyra, co que compartiría arelas e projectos numa vida de amizade. Publica Morrendo a cada intre, Mariñeiro de Brétemas, Terra Cha, Advento,... Faz tertulias com Otero Pedrayo, Ramón Piñeiro e Carlos Maside, afirmando-se cada vez máis nos postulados galeguistas e marxistas, por influencia -estos últimos- do pintor Carlos Maside, o que o confrontava com Piñeiro, García Sabell e Bouza Brey. O 25 de xulho asiste em Compostela á misa de Rosalía de Castro, o único

nado ao julgado de Monforte de Lemos, onde abre uma livraria e pequena editorial coa súa dona Saleta. Alí, numa pequena mesa redonda pasaba horas e horas a escrever. O país, as clases populares máis desfavorecidas, o idioma, a historia galega... son os temas recurrentes da sua obra, que foi tirando adiante con moitas dificultades por causa do ambiente de deserto cultural, ocasionado pelo exilio forçado de boa parte da intelectualidade galega e pela censura dum régime hostil ás culturas e identidades periféricas. Manuel María pronuncia numerosas conferencias, pregões nas festas populares, articipa em recitais, asina livros,... e no 1959 casa com Saleta Goi García, que provinha duma familia republicana. Comeza também a dar aulas de literatura na monfortina Academia Balmes, sendo um dos seus alumnos Lois Diéguez. Em 1963 fúndase a UPG e ele incorpórase pouco depois da súa fundação, colaborando na área de cultura da mesma. Publica novas obras, ensaios, artigos jornalísticos, ... É acosado pela policía franquista, multado em varias ocasiões, detido, censurado, mas Manuel María segue adiante co seu labor. A revista Grial publícalhe dúas novelas curtas Con A luz non volve atrás ganha uma menção no I Premio Castelao de Teatro Ga-

lego. Num poema acusa á clase media de traidora a Galiza ae ao povo galego, de trafegar coa fame e a miseria, de bicarlhe os pés aos poderosos, de ser servil, de imitar as modas de Madrid e intentar borrar o idioma galego. Por causa das dificultades editoriais, funda a editorial "Xistral". No poema "Canción para cantar tódolos días" defende a lingua galega con paissão. O poema será censurado e também traducido a numerosas linguas. Depois do recital de Raimon en Santiago de 1967, Manuel María escreve en Grial um artigo de título: "Raimon, um poeta do nosso tempo", no que fai um reconhecimento a este poeta que recolhe na súa voz as inquietudes e problemas do povo.

Publica Versos pra un país de minifundios, Os sonhos na gaiola (para o público infantil), As rúas do vento ceibe, entre outras. Os seus poemas son cantados por numerosos artistas: Suso Vaamonde, María Manuela, Fuxan os Ventos, Uxía, Magín Blanco, A Quenlla, A tribo incomprensíbel,... Nas primeiras eleccións democráticas preséntase na candidatura do BN-PG. Recivem chamadas telefónicas ameazantes e insultos, son detidos, pöenl-hes un garda na porta, fan-lhes campanhas de desprestigio, regístranlhes o apartamento. Porén a súa actividade e compromiso políticos não minguaram. Escreve:

*Hai que loitar, irmáns e compañeiros,  
para traer a luz, a liberdade,  
a Primavera.*

Entra, sae e volve entrar na Real Academia Galega. É traducido ao éuscaro, ao catalán, ao bretón, ao flamengo, ao húngaro, ao franc[es, ao ruso, ao portugués, ao ruso, ao holand[es e ao espanhol. Participa na Asociación Sociopedagógica Galega e na Asociación de Escritores en Lingua Galega. Gustába-lhe participar nos Galeuscas cos escritores de Euskal Herria e Países Cataláns para conhecer as súas culturas e literaturas. Admira a Miguel Torga e viaja por Portugal e por outros países. Encabeza a lista para o Senado pelo BNG por Lugo. Percorre o país dando charlas e recitais, participa em encontros con escritores galegos e brasileiros. Colabora coa Mesa pela Normalización lingüística e coa Plataforma Nunca Máis. Deixa a súa militancia política, no entanto, sempre que pode acude a Compostela o Día da Patria Galega. Receve numerosos recoñecimentos en vida e falece no 2004 na Coruña. Este ano adícase-lhe o Día das Letras Galegas, pelo que lhes recomendo que lean alguma das biografías que se anuncian del, como fiz eu coa de Mercedes Queixas. (R.C.L.)



## Colhede as rosas

*Mirade, é tan so un intre. Contemplade  
como entra a primavera de sangue verde.  
Preparo o meu caderno para escribir un chisco  
sobre iste fenómeno que chega en silencio.  
Se cadra um vento leve, se cadra um mistral  
moverá as folhas das lilas,  
das moreiras e das <sup>(1)</sup> abeleiras,  
levará o perfume dos xacintos as praças,  
sobre tumbas recentes, sobre as esquecidas,  
e lembrará a vivos e mortos que niste mes de marçal  
hai un día que chaman dos bardos. Da poesia.  
Tolstoi escribiu Resurrección, a contundente entrada  
a forza do vivir e a ambición dos homes,  
todo numa soa páxina, a primeira.  
Oh, sí, lédea. Porque se algo compre que diga o poeta  
é que a vida volve e se fai espazo, e que os homes  
loitan contra toda natureza. Contemplade, tamén,  
a primavera, de Odilon Redon no Museu Pushkin :  
a mulher rosa e espida baixo a arbore inmensa,  
e nom compre dicir mais nada niste día vinte un de marçal.  
Escrivina xa hai bem anos, ista primavera,  
mentres os loureiros medraban e ofrecian  
coroas vitoriosas. Colhede as rosas  
antes de que esfolhen. Folhas e folhas de livro  
abandonanse a fráxil esperanza do poeta.*

**Olga Xirinachs Diaz**

Tarragona 1936, escritora, profesora de piano e fecunda poetisa

**Vertida ao galego-português: Pilar Vilaboi Freire**

**Día Mundial da Poesia 2016**

Lida na Biblioteca Municipal María Lois López, da vila das Borges Blanques ( Garrigues-Catalonha ). Tenho que lembrar que deica un tempo tento de achegar o galego ao seu fillo natural o português, para afastarme paseninho da norma ortográfica da RAG que rexeito, malia a Xunta de Galiza.

<sup>(1)</sup> Tamén dita abraira (avellaner em catalão), um dos arbores sacros da cultura celta.

Por: Ramón Coira Luaces

## A emigración galega

**T**odos temos ou tivemos familiares ou veciños emigrantes e o drama da emigración foi sempre destacado polos escritores galeguistas. Ao longo do s. XIX consolidouse a emigración temporal ás segas ou á vendima de Castela. Houbo tamén unha emigración a Portugal de asalariados, moitos dos cales asentáronse definitivamente no país veciño. Desde finais do S.XIX, a presión demográfica sobre a terra, o arcaísmo tecnolóxico, a falta de industrialización e a presión fiscal de Madrid, provocan unha masiva emigración cara América. Moita mocidade aproveitaba tamén para escacapar do servizo militar, pois o Estado español estaba enfascado nas guerras de Cuba, Filipinas e Marrocos. Vigo e Coruña eran os principais portos de embarque e había “ganchos” que percorrían o país, animando á xente á aventura de ultramar. Porén tamén había quen emigraba desde Portugal. Calcúlase que entre 1885 e 1930 emigrou case un millón de persoas oficialmente. Ían a Cuba, Argentina, Uruguay, Brasil, USA, Venezuela, México,... Fundáronse centros galegos na diáspora, apareceron xornais, creouse a Real Academia Galega, financiáronse escolas, fontes e monumentos en Galicia. E coas remesas de cartos da diáspora moitos pagaron a redención dos foros. As familias sepáranse, avelléntase a poboación que fica na terra; aparecen as “viúvas de vivos”, o desarraigo nos que marchan e o drama persoal que todo isto conleva.

Entre 1950 e 1960 houbo outros 400.000 emigrantes. Porén paulatinamente foise restrinxindo o fluxo emigratorio a América e comezando outro dentro do Estado (a Madrid, Catalunya, Euskadi) e a Europa (Suíza, Francia, Alemania, Países Baixos e Gran Bretaña). Entre 1960 e 1980 emigraron a Europa 300.000 persoas, tamén oficialmente. O éxodo rural desertizou o campo galego. Na actualidade, por mor da crise económica, emigran non só traballadores, senón tamén intelectuais, talentos e profesionais cualificados.

*Vendéronll'os bois,  
vendéronll'as vacas,  
o pote do caldo  
i a manta da cama.  
Vendéronll'o carro  
i as leiras que tiña;  
deixáronno soio  
coa roupa vestida.  
- María, eu son mozo,  
pedir non me é dado;  
eu vou polo mundo  
pra ver de gañalo. (...)*

(;PRA A HABANA!, FOLLAS NOVAS,  
Rosalia de Castro)

Na emigración estreouse por primeira vez o noso himno e adoptouse a nosa bandeira. Os Centros Galegos foron e aínda son focos de conciencia nacional, acollendo e socorrendo aos exiliados republicanos da Guerra Civil e aos emigrantes sen recursos. Como dicía Neira Vilas, Galicia ten unha débeda enorme coa emigración. E como dicía Beiras, o pobo galego non se rebela, emigra. Os nosos sectores produtivos non son estratéxicos para o Estado, non se defenden nin desde a Xunta nin desde o Goberno Central, e deixanse esmorecer. A consecuencia é a pobreza e a emigración. E, por se fose pouco, a isto hai que sumarlle a crise global do modelo neoliberal, que esmaga ás clases populares. Porén eu non son economista e non me corresponde a min profundizar neste asunto...



Por: Andrea Goro

## Afastándonos das raíces



**C**ando teño tempo libre, adoro botar un ollo ás bibliotecas dos demais e tirar delas un libro ao azar. Se me sinto atraída pola súa portada, cóllo, e se non, déixoo onde estaba. Xulgando os libros polo seu exterior, xustamente coma non debe facerse, atopo ás veces historias fermosas que deixan en min unha pegada importante e sorrio pensando que quizais estiveran alí agardándome. É coma xogar á lotaría investindo nada máis que

algo de tempo. Aínda que se a historia escollida non me envolve nin me engancha, non considero que tivera perdido moito; as verbas son sempre nutritivas. A última vez que atinei o tiro foi na casa do meu avó. Espertou a miña curiosidade a faciana pintada dunha rapaza indíxena. Hrenki. Collín o libro e comecei a lelo no avión. Empezaba unha viaxe física a Irlanda mentres comezaba outra viaxe imaxinaria ao corazón de Brasil. Que económico resulta visitar lugares a través dos libros! Erich Wustmann cóntanos o día a día dunha tribo ficticia que vive no sertão brasileiro. Grazas ás súas vivencias persoais nun ámbito similar, o autor é quen de darlle cor e forma a esta novela xuvenil tan

fresca e apaixonante. Descricións de paisaxes, sons e cheiros exóticos mesturadas con aventura e suspense.



Mais, de todo o lido nestas páxinas, o que máis me abraiou foi a facilidade e graza coa que estas

xentes, de costumes primitivos, adaptaban as súas vidas ás condicións climatolóxicas e xeográficas do lugar. Comían en cada momento o que as árbores lles daban, recollíanse na época de chuvias, festexaban despois a volta dos ceos despexados e retomaban as actividades, ledos... E caín na conta de que no mundo no que vivo, non facemos máis que tentar adaptar ditas condicións ás nosas necesidades e vontades. Exactamente o contrario. Algo fixo ‘click’ na miña cabeza conforme comparaba ámbalas dúas maneiras de estar no mundo e agora atopo certas actitudes un tanto ridículas. Tódalas civilizacións procuraron sempre tirar un proveito da natureza: alimento, acubillo, enerxía,... Pero me pregunto en que momento da evolución esquecemos

por completo que formamos parte dela. Por que ese afán por controlar absolutamente todo o que acontece ao noso redor en lugar de deixarnos levar e bailar ao son das continxencias? E, sobre todo, de que vale frustrarse polos fenómenos climatolóxicos que non podemos evitar?

Penso que, especialmente en Galicia, non nos viría nada mal adoptar un pouco esa filosofía e sermos máis flexibles e agradecidos cos agasallos que a natureza decide darnos ou non, en cada momento. Coma as plantas, os páxaros, ou aos membros dunha tribo do sertão de Brasil...



## Galicia

Redacción de VIGO

## En Marea pide o rescate do carácter público do novo hospital Alvaro Cunqueiro

**E**n Marea vén de presentar no rexistro do Congreso dos Deputados unha proposición non de lei solicitando que se anule a adxudicación do Hospital Álvaro Cunqueiro á Sociedade Concesionaria Novo Hospital de Vigo (liderada por Acciona), ao considerar que vulnera a lexislación sobre contratos de colaboración público-privada pois non garante a igualdade na concurrencia das empresas aos contratos do Estado.

A demanda recolle o sentir da denuncia presentada pola Asociación Galega para a Defensa da Sanidade Pública co apoio da Plataforma SOS Sanidade Pública de Galicia, que entede que esta concesión de obra pública en lugar de asinar unha colaboración público-privada trata de evitar por parte da Xunta a fiscalización da Lei de Contratos do Estado, que esixe xustificar cun informe a necesidade de recurrir a financiamento privado para este tipo de obras e servizos.

Un contrato que segundo En Marea se fixo a base de abaratar custes e aplicar recortes que superan o 30% en camas funcionais e quirófanos e máis da metade das camas de Urgencias previstas inicialmente, ademais de rebaixar a calidade dos equipamentos e dos sistemas de protección, tal e como denunciou en numerosas ocasións o propio persoal sanitario. "Estes recortes supoñen unha modificación do contrato, ao que aspiraban outras empresas cuxas ofertas foron descartadas e que benefician a concesionaria privada, á que non se lle diminúe, sen embargo, a percepción do canon do contrato", alega En Marea.

A maiores, o denominado risco de financiamento de 320 millóns de euros, que por contrato tería que asumir a Sociedade Concesionaria Novo Hospital de Vigo foi cuberto en gran medida polo Servizo Galego de Saúde cun crédito de 110 millóns do Banco Europeo de Investimentos, que non dá créditos



a empresas privadas, e do Instituto de Crédito Oficial, o chamado ICO, que ten por finalidade financiar pequenas e medianas empresas. "Esta manobra supón unha clara vulneración da lexislación da Unión Europea sobre contratos Público-Privados e supón, ao noso entender, unha trama perfectamente deseñada

para ocultar o endebedamento do novo hospital, que non se considera público pero é asumido na práctica pola propia Administración", denuncia En Marea.

As deputadas e deputados de En Marea propoñen recastar o carácter público deste centro hospitalario sen indemnización para a adxudicataria por incumprimento

do contrato, que vulnera a Lei de Contratos do Estado español e da Unión Europea sobre Contratos Público-Privados. En Marea tamén plantexa a necesidade urgente de reparar as deficiencias do Hospital Álvaro Cunqueiro e dotar adecuadamente o novo centro sanitario de referencia no sur da provincia de Pontevedra.

## Vigo estrea voos a Boloña e Dublín con Ryanair

**Ata o mes de outubro estarán operativas no aeroporto de Peinador dúas novas rutas internacionais que se ofrecen por primeira vez desde Vigo: Dublín e Boloña e que se estean cunha ocupación media do 90%. A compañía irlandesa vai completando así o mapa de destinos incluídos no concurso público convocado polo Concello de Vigo do que resultou gañadora. O vindeiro ano súmanse á oferta Edimburgo e Milán, amais de Barcelona que funciona desde comezos deste ano.**

O voo entre Vigo e a cidade italiana de Boloña estreouse o primeiro de abril cun 90% de ocupación e con anécdota, xa que estivo a piques de ter que ser desviado a outra terminal polas obras que se realizaban no aeroporto boloñés, aínda que finalmente a primeira pasaxe da ruta puido realizala sen ningún incidente. As saídas de Vigo con destino Boloña están programadas para os luns e os venres ás 21:00 horas da noite e os voos con destino Vigo desde a cidade italiana parten os mesmos días ás 17:45 horas da tarde.

Dous días despois, o 3 de abril, Ryanair estreou a ruta entre Vigo e Dublín, unha novidade absoluta na oferta aeroportuaria olívica. Os voos saen de Peinador dous días á semana, os venres e os domingos, saíndo da capital irlandesa ás sete da mañá e chegando a Vigo ás 10 da mañá, mentres que a saída cara Dublín será ás

10:45 horas. Tanto a conexión con Boloña, como a conexión con Dublín estarán operativas ata o mes de outubro.

En xaneiro comezou a funcionar o voo que conecta, diariamente, a cidade olívica con Barcelona que, segundo os datos que ofrece Ryanair, está tendo un bo funcionamento cunha media de ocupación do 90%, polo que non pechan a porta a aumentar a súa presenza no aeroporto vigués, no que agardan transportar durante este ano 2016 desde Vigo e cara Vigo a uns 150.000 viaxeiros, coa previsión de que esta cifra aumente de cara ao ano 2017 co incremento dos destinos. En total, ao longo dos tres anos de vixencia do contrato, a compañía ofrecerá 558.117 prazas desde Peinador e recibirá 4.477.000 euros das arcas municipais.

A partir do próximo ano 2017, Ryanair ofrecerá conexións con Milán e Edimburgo, tralo con-



curso público convocado polo Concello de Vigo, que gañou a aeroliña irlandesa. O goberno de Abel Caballero, ante a perda de pasaxeiros de Peinador, da que fixo responsable ás subvencións que recibían Lavacolla e Alvedro por parte da Xunta de Galicia e

dos concellos, asumiu hai uns anos un cambio na política aeroportuaria coa convocatoria de concursos públicos de promoción turística da cidade. O resultado desta política será especialmente perceptible este verán cando Peinador bata marcas con 18 con-

exións, seis delas internacionais, xa que amais das citadas, haberá rutas con Londres, Roma e Bruxelas, operadas por Air Nostrum, e Lisboa, operada pola TAP. É o que o rexedor vigués denomina "o Vigo dos altos voos".

**Por: Sabela Rodríguez**

## Turismo da Coruña patrocina a Sofía Toro



**T**urismo de A Coruña apoia a regatista Sofía Toro a través dun patrocinio valorado en 5.000 euros. A deportista coruñesa, medallista olímpica nos Xogos de Londres 2012, dará a coñecer a cidade en probas deportivas de todo o

mundo, co obxectivo promocionar A Coruña como destino turístico, náutico e deportivo. O Consorcio de Turismo e Congresos de A Coruña colabora coa deportista en desprazamentos e material deportivo de competición.

O apoio de Turismo de A Coruña á regatista olímpica coruñesa enmárcase na aposta da entidade polo turismo náutico. A cidade está en pleno proceso de incorporación á Rede de Estacións Náuticas, un club de produto que servirá de plataforma ás empre-

sas locais vinculadas ás actividades acuáticas e ten por obxectivo atraer á cidade visitantes interesados nas propostas lúdicas vinculadas ao mar, unha área de negocio con gran potencial na Coruña.

Este luns A Coruña promociónase en Campionato de Europa Este luns día 5 de abril dá comezo unha das probas máis importantes nas que Sofía Toro lucirá a imaxe de Turismo da Coruña: o Campionato de Europa de Vela, en Palma de Mallorca, do 5 ao 12 de abril, puntuable para a clasificación olímpica.

Ata o momento, a regatista galega colaborou xa na promoción da Coruña como destino turístico nas a Isaf World Cup de Miami, o Campionato Suramericano de Buenos Aires, o Campionato Nacional de Portugal, o Campionato de España, e o Trofeo Princesa Sofía, disputado tamén en Palma de Mallorca esta última semana.

Sofía Toro mostrará a imaxe de Turismo da Coruña nas velas e a embarcación nas 17 regatas nas que ten previsto competir esta

tempada. Tamén colaborará nas accións de promoción que se realicen no marco da Estación Náutica da Coruña durante este ano e o que vén.

O convenio asinado este ano encádrase na meta de promover accións que deriven na afluencia e consolidación da Coruña como destino turístico de primeira orde que o Consorcio de Turismo e Congresos da Coruña ten entre os seus labores.

Comunicación Turismo de A Coruña



■ Sofía Toro e Nora Brugman.

## Xulio Ferreiro: “O PP e o PSOE piden máis obras e négannos poder facer proxectos para levalas a cabo”

**O alcalde da Coruña lamentou hoxe a actitude de ambos grupos no Pleno no que se votou o proxecto orzamentario, aínda que insiste na vontade do Goberno local “de traballar e sacar as cousas adiante” e recorda que “a cidade está mellor con presuposto, sexa como sexa, que sen el”**

**X**ulio Ferreiro, manifestou esta mañá, nunha entrevista que os grupos municipais de PSOE e PP “trataron de poñer as cousas máis difíciles” ao Goberno local no Pleno do pasado venres, no debate do proxecto orzamentario municipal.

O texto que finalmente foi aprobado contén emendas de ambos grupos, debido ao seu voto conxunto.

O Alcalde manifestou que, a pesar de todo, o goberno segue con todas as ganas do mundo e traballará para facer as cousas comprometidas, para sacalas adiante. . Laiouse da actitude tanto do grupo municipal socialista, como do popular. “Póñennolo difícil: pídennos moitas obras pero logo negannos a posibilidade de facer os proxectos para poder levalas a cabo”, explicou.

“Toda obra antes de executarse debe ter un proxecto..Pero o PP e PSOE decidiron eliminar partidas para facer os proxectos, xa

que din que os pode facer o funcionariado”, explicou. “Outra das cousas que pretenden facer, en base ás emendas aprobadas ao proxecto orzamentario, é eliminar case calquera oportunidade de actuación da Concellería de Participación, como se a democracia e a opinión cidadá non fosen importantes, engadiu.

Ferreiro insistiu en que “non só as palabras pronunciadas polo portavoz socialista sobre que non podía romper o pacto que tiña, senón os feitos demostran que PSOE e PP tiñan un acordo no que atinxe ao Pleno de orzamentos”. “Senon, non se entende que os socialistas rexeiten a última proposta que lle fixemos, de apoiar a totalidade das súas emendas se non aceptaban as emendas do PP”, engadiu.

“Despois disto que non nos pidan que teñamos que comungar con rodas de muíño. Se despois de tres meses falando, o mesmo día do Pleno, ás 11.30, ambos grupos presentan emendas

coordinadas, creo que os feitos falan por si mesmos”, opinou.

“Nun orzamento dun Concello do nivel do da Coruña, a inmensa maioría do gasto está comprometido, polo que a marxe de actuación que ten un Goberno local para darlle a súa impronta é escaso. Neste caso, no que PSOE e PP pactan para vincular a un des-

tino concreto actuacións por máis de 10 millóns de euros, as políticas propias do Executivo quedan nunha situación bastante complicada para levalas adiante”, expuxo. “De todos os xeitos temos claro que a cidade está mellor con orzamento, sexa como sexa, que sen el”, indicou.

“A nosa responsabilidade era levar

un proxecto orzamentario ao Pleno, e a responsabilidade do mesmo era sacalo adiante, porque é o mellor para a cidadanía. Se hai vontade de negociar, este Goberno local sempre é capaz de chegar a acordos, pero para iso todos os grupos temos que poñer por diante os intereses da cidadanía”, reflexionou.



## Galicia

Redacción de A CORUÑA

## Mellora integral dos contedores do lixo

**A** Concellería de Medio Ambiente inicia unha campaña para a revisión, limpeza e mellora integral dos contedores de residuos da cidade.

Os depósitos dos residuos serán rotulados con mensaxes nos que se informará á cidadanía sobre a correcta separación dos materiais de refugallo, así como dos horarios de depósito e outros datos de interese, para permitir a súa recuperación. A finalidade desta acción é facilitar a tarefa aos veciños e veciñas e mellorar as taxas de reciclaxe e separación de

residuos, especialmente no referente a materia orgánica.

A campaña incide na limpeza dos recipientes, pero tamén no seu aspecto exterior, para mellorar o impacto visual dos mesmos e aumentar a información que ofrecen. Os contedores forman parte do espazo urbano e son elementos que poden servir para lograr unha cidade máis sostible a través da reciclaxe. Por iso deben estar visualmente impecables, ser atractivos, e axudarnos a reforzar a información para potenciar a reciclaxe.

# ORGÁNICO



**HORARIOS PARA DEPOSITAR O LIXO:**

|                         |                         |
|-------------------------|-------------------------|
| <b>OUTUBRO a MAIO</b>   | <b>XUÑO a AGOSTO</b>    |
| <b>20:00 a 24:00 h.</b> | <b>22:00 a 24:00 h.</b> |

## CORUÑA

## RECICLA




**RECOLLIDA DE VOLUMINOSOS:**



**CHAMAR AO TELF. GRATUITO 010**

**ANTES DE DEPOSITAR OS OBXECTOS GRANDES**

## “Un cesto de mazás”, libro sobre as vítimas da represión franquista

**A** xornalista Montse Fajardo asina unha obra na que aborda a represión de forma directa e o xeito no que as familias afectadas seguiron adiante coa súa vida. O libro foi presentado na Casa Museo Casares Quiroga nun acto no que a autora estivo acompañada por Manolo Pazos, membro da Comisión pola Recuperación da Memoria Histórica da Coruña, e Luís Bará, autor do blog, Non des a esquecemento.

“Un cesto de mazás. Memoria das vítimas do 36 e do tempo que veu”, recolle dezaseis historias de represión contadas por persoas moi próximas aos protagonistas, incluída a de María Vázquez, unha mestra de Miño detida na Coruña e salvaxemente asasinada.

Nun relato conmovedor sobre a represión e o tempo do silencio, Montse Fajardo fala de paseos, paredóns, tobos nas cortes, cárcere, exilio, depuración, guerra... de vítimas directas, pero tamén daquelas que nin

sequera son consideradas como tal.

A autora apunta que “Un cesto de mazás” vai máis alá dos feitos, da guerra, do asasinato, das torturas e afonda nas consecuencias que a represión tivo para as viúvas, as nais, os pais, as criaturas que quedaban orfas, xa que tamén recolle o rastro da memoria e a dor que arrastraron

tras de si as vítimas e que é preciso sacar do esquecemento. Pode dicirse que o texto se concibe como unha homenaxe ás vítimas esquecidas da nosa recente historia.

Montse Fajardo Pérez (Vilagarcía, 1973) é licenciada en Ciencias Políticas e da Administración e ten un mestrado en Dereito das Administracións e Institucións Públicas, pero a súa traxectoria profesional sempre estivo vinculada ao xornalismo.

Traballou en O Salnés Si-radella, Radio Ames, Diario de Arousa e Faro de Vigo, é colaboradora habitual de faladoiros radiofónicos e televisivos e conduce o programa de entrevistas En Positivo de Arousa TV. Ademais participa no programa A memoria das mulleres, promovido polo Concello de Pontevedra. Un cesto de mazás é o seu segundo libro despois do éxito acadado con “Matriarcas”, que esgotou tres edicións en apenas uns meses.

**Por: Sabela Rodríguez**



## Nova demanda por discriminación intensifica a campaña contra Médicos Sin Fronteras Sin Fronteras

**M**áis un captador de socios de Médicos Sin Fronteras ven de presentar demanda contra a empresa por vulneración de dereitos por razón de nacionalidade. Xúntase esta á demanda da outra traballadora que, por non seren ambos de nacionalidade española, a ONG se nega a mudar o seu contrato temporal para indefinido, como co resto de traballadores e traballadoras. Segundo informa o sindicato CNT «non existe ningún impedimento legal, de feito, a Secretaría Xeral de Inmigración e Estranxería respalda a a contratación igualitaria entre persoas nacionais e estranxeiras». A sección sindical da CNT afirma que Médicos Sin Fronteras continúa a manter a súa postura discriminatória a pesar da vontade de diálogo

da organización anarcosindical. Intensifícase a campaña Dous piquetes foron xa organizados en Compostela perante a sede da ONG na céntrica Rúa do Vilar para informar da discriminación sufrida pola traballadora e traballador. Outras cidades do estado, como Madrid, Barcelona, Málaga e Zaragoza, tamén se mobilizaron ante as sedes de Médicos Sin Fronteras en

solidariedade co captador e captadora de socios. Unha campaña que, segundo informa a CNT «non se descarta escalar» vista a situación de ausencia de interese por parte da empresa de solucionar o conflito, afirma que «canto menos diálogo, máis mobilización, para que todo o mundo coñeza cales son os principios e valores de Médicos Sin Fronteras no tocante a política laboral».



## Reunión do rexedor compostelán co presidente da Xunta para achegar posturas sobre temas “vitais” para a cidade

O segundo encontro entre o alcalde de Santiago e o presidente da Xunta, dende a toma de posesión de Martiño Noriega, celebrouse no Parlamento Galego a finais do pasado mes de marzo, e serviu para abordar cuestións de vital importancia para Compostela como a estación intermodal, a política aeroportuaria ou a construción da variante de Aradas.

Trala reunión, que fora solicitado por Martiño Noriega, o alcalde amosouse satisfeito xa que “se caracterizou polo diálogo fluído e cordial, conseguiu aclarar algúns malos entendidos, e logrou reforzar posicións conxuntas de respecto institucional, como corresponde á capital galega”. Un dos asuntos centrais da reunión foi a futura estación intermodal. O alcalde e o presidente da Xunta acordaron fixar o mes de

abril como prazo para definir o protocolo de actuación para esta infraestrutura. Martiño Noriega recoñeceu que a Consellería de Infraestruturas e o Concello teñen diferentes estratexias en relación a este proxecto, pero insistiu en que “o debate sobre a intermodal non está entre o Concello e a Xunta, senón entre a cidade de Santiago e o Administrador de Infraestruturas Ferroviarias, o ADIF”, polo que se acordou urxir ao Ministerio de Fomento que marque prazos sobre a mesma.

O alcalde compostelán tamén aproveitou a xuntanza para expresarlle a Feijóo as demandas do Concello en relación á política aeroportuaria, criticando a pouca colaboración da Xunta neste ámbito. O presidente autonómico accedeu a “abrir unha nova vía de diálogo para mudar estas sinerxías” e non descartou a celebra-

ción de novas reunións de coordinación entre as tres cidades aeroportuarias, a Xunta e o Ministerio de Fomento.

Por último, Martiño Noriega reclamoulle ao presidente da Xunta algún avance no proxecto da Va-

riante de Aradas, aprobado de forma definitiva en 2013 e que tería que estar xa executado. Ao respecto, Alberto Núñez Feijóo comprometeuse a iniciar antes do verán as expropiacións necesarias para executar esta infraestrutura,

“necesaria para o Concello, para todo o empresariado e para determinados barrios da cidade. Neste ano 2016, os orzamentos da Xunta reservan unha partida de 700.000 euros para a construción da Variante.



## Santiago presenta a XVI Campaña Municipal de Animación á Lectura na que participarán 7.000 escolares

O alcalde de Santiago, Martiño Noriega, vén de inaugurar na Galería Sargadelos a XVI Campaña Municipal de Animación á Lectura, que este ano leva por título “Contos para despois da choiva”, en referencia á obra de Miguel Rico gañadora do VIII Premio Internacional Compostela de Álbums Ilustrados. As estimacións do Consistorio é que participen nas actividades 7.000 escolares composteláns e da comarca.

A Campaña Municipal de Animación á Lectura, organizada pola Concellería de Educación e Cidadanía máis Kalandraka Editora, en colaboración coa Fundación Sargadelos, celebra neste 2016 a súa décimo sexta edición cun programa que abrangue iniciativas dirixidas á animación lectora para as familias, o profesorado e o alumnado de Santiago e que se desenvolverá ata o vindeiro 14 de maio. Na xornada inaugural, 43 escolares do CEIP Mestre Rodríguez Xixirei

realizaron unha visita didáctica á exposición da Galería Sargadelos e participaron nunha sesión de contos. Ao tempo, 23 nenos e nenas do CEIP Monte dos Postes tomaron parte nun obradoiro de escrita creativa, e 24 do CEIP Vite I nun taller de ilustración.

52 centros escolares, dos que 38 son de Santiago e outros 14 da comarca están xa inscritos na Campaña para poderen formar parte dos talleres e actividades: CEIPs de Roxos, Cardeal Quiroga Palacios, As Fontiñas, López Ferreiro, Arquitecto Casas Novoa, Vite I, Mestre Rodríguez Xixirei, Raíña Fabiola, Ramón Cabanillas, Apóstolo Santiago, Pío XII, Lamas de Abade, Monte dos Postes, Xacinto Amigo Lera, Vedra, Oroso, Sigüeiro, Barouta e Pedrouzos; colexios San José de Cluny, Vilas Alborada, Juventud, Nosa Señora dos Remedios, A Inmaculada, San Francisco Javier, La Salle, San Pelayo-Emma, Santa Apolonia, Compañía de María, A Raiola, Manuel Peleteiro-Dolores Ramos, Divino Maestro, San Jorge e Oroso; escolas infantís Agasalle, Paparolo, San Roque, Conxo, Salgueiriños-Meixonfrío, Polígono do Tambre, Tras Parlamento, Fontiñas, Casa do Neno, Os Pequerrecho-Hospital, A Madalena, A Ulloa, Rial, A Igrexa, Os Ánxeles, Sabaxáns e A Igrexa.



## Visita do alcalde á Cociña Económica de Santiago

O rexedor compostelán, Martiño Noriega, acompañado da concelleira de Políticas Sociais, Concha Fernández, visitou as instalacións da Cociña Económica, que dende hai uns meses se trasladaron ao Albergue de Xoán XXIII mentres se acometen obras de remodelación na sede orixinal da entidade na rúa Travesa.

A presenza do alcalde e a concelleira na Cociña Económica enmácase no programa de visitas que está a establecer a concelleira de Políticas Sociais con todas as entidades que traballan neste ámbito na cidade.

No caso da Cociña Económica, Concha Fernández destacou que está “a facer un importante labor social dende o ano 1891” e lembrou que o Concello forma parte do seu padroado e é coñecedor das persoas

que a acoden a ela e das necesidades que teñen. Coa visita, os membros do goberno local puideron coñecer de primeira man o traballo que realiza a entidade atendendo, segundo os datos que manexan os seus responsables, a unha media de 140 persoas ao día.

Na Cociña Económica traballan diariamente dúas cociñeiras e dúas persoas na limpeza, ás que se lle suman traballadoras sociais e un educador social. A achega que fai cada usuario e usuaria é simbólica, ascendendo a 0,20 euros polos almorzos, 0,80 nos xantares e 0,50 nas ceas. A responsable da Cociña Económica, Esther Seoane, destacou que está a diminuír o número de persoas que acoden diariamente ás instalacións, tratándose sobre todo de transeúntes e persoas sen redes de apoio socioeconómico.



Redacción de LUGO

# Sober homenaxea aos adegueiros na Feira do Viño de Amandi



■ O conselleiro de Economía inaugurou a feira.



■ O público escoitou ao alcalde e a pregoeira.

A festa-feira (como me gusta denominar) sigue superándose; esto débese a que os adegueiros e viticultores de Sober facedes ben as cousas e sabedes adaptarvos ós novos tempos; estades a facer un produto excepcional que cada ano está presente en máis países e nas cartas dos mellores restaurantes do mundo. Sen dúbida a universalización do viño de Amandi en particular e do da Ribeira Sacra en xeral é incuestionable. Así comezou Luís Fernández Guitián, alcalde de Sober a súa intervención na inauguración da 37 edición da Feira do Viño de Amandi na que participaron 23 adegas. “Esta festa que estamos a disfrutar engrandécese cada vez máis por un traballo en conxunto do que todos formamos parte; pero aínda queremos aupalamais, si ben somos conscientes de que cada vez e máis complicado. Aínda que este fin de semana de Ramos se celebran os días grandes, xa durante o “Mes do Amandi” se orga-

nizaron un importante número de actividades que foron o revulsivo para o noso viño e para o turismo do noso Concello”. O alcalde agradeceu a Silvia Jato que aceptase a invitación para ser pregoeira e, ás autoridades, a súa asistencia.

## Pregoeira

A presentadora Silvia Jato foi a pregoeira da Feira do Viño de Amandi e demostrou a súa alegría por estar “aquí entre vós”, e por un motivo como o tan “prezadomanxar”, dado que non en balde “a historia do viño está vinculada á historia da humanidade”. Bebelo produce xúbilo no corazón e contento da alma, explicou, e pediunidade e un esforzo común para enxalzar o viño de Amandi como unha referencia mundial, posto que o seu sabor, o clima e a orografía que o rodea fano “único”. “Galicia é terra de viños”, resumíu, e recordou frases típicas das aldeas, como as que elasma escoitou, cando lle



■ Silvia Jato brindando co alcalde.

decían: “¿Pero non bebe viño esta rapariga?”. Con todos eses recordos na súa memoria, expresou a súa alegría por, cando está

fóra da súa terra natal, poder encher a súa copa e a daqueles que en cada momento a acompañan cun produto como este, e isograzasao labor dos “heroicos viticultores”. “Sodes grandes e quérovos. Que viva o viño de Amandi e as súas xentes”, exclamou, e emulou o brinde da Traviata para espetar: “Todo na vida é tolemia, excepto o pracer”, unhamensaxedespois da cal se xuntaron todas as copas na trixésima sexta edición deste festexeo.

## Decoración de barricas

O I concurso de decoración de barricas púxose en marcha coa participación de doce inscritos. O Goberno local facilitou aos anotados os materiais e a barrica sobre a que elaborar os seus deseños que tiñan que reflectir o espírito da Feira do Viño de Amandi facendo especial fincapé no sector vitivinícola e no patrimonio e a cultura de Sober e da Ribeira Sacra. A selección fíxose por estrita orde de inscrición. Todos os participantes recibiron como agasallo un diploma acreditativo de ter participado no concurso,





■ Unha participante decorando a barrica.

así como un lote de botellas de viño de Amandi. Houbodousga-

acto inaugural da XXXVI Feira do Viño de Amandi. Os demais deco-

ros. Tras a celebración da feira, o Goberno local incorporounos nos

Convenio con Caixabank

O Goberno local do Concello de Soberasinou un convenio de colaboración coa entidade bancaria Caixabank para promocionar a XXXVI Feira do Viño de Amandi. En concreto, ambas as partes acordaron colaborar economicamente a través da achega por parte da entidade bancaria de 2.000 euros cos que o Goberno local obterá diverso material co que seguirá a publicitar a feira. A sinatura estivo presidida polo alcalde de Sober, o popular Luís Fernández Guitián, e o director da oficina de Caixabank de Monforte, Javier Chavián. O rexedor agradeceu a colaboración e a sensibiledade deste entidade, o que contribuirá a facer que a feira gañe visitantes ano tras ano.

DUE, radicada en Rianxo, e a empresa nipoa HP France, que distribúe os seus produtos en Xapón. Co apoio da Consellería de Industria, este establecemento comezou a distribuír os produtos de nove talleres artesanais de Galicia, entre os que se atopa o Centro Oleiro Rectoral de Gundivós, rexentado por Elías González. O oleiro de Gundivós é o único artesán de Lugo que participa nesta iniciativa. Xunto coas súaspezas, a mencionada tenda vende olearía tradicional da localidade coruñesa de Buño e cerámica contemporánea producida en talleres da Coruña, A Estrada, Muros, Brión e Vigo, así como pezas de textiles elaboradas en Ponteareas e cestas fabricadas por un artesán vigués. A consellería sinala que esta iniciativa encádrase no Plan de



■ Javier Chavián e Luís Fernández Guitián.

ñadores, un deles recibiu 300 euros e o segundo, 100 euros. Os seus traballos foron expostos no

seleccionados formaron parte do mobiliario da Feira do Viño e das casetas dos adegueiros.



■ Elías González no seu stand da Feira do Viño de Chantada deste ano.

seus edificios públicos, entre eles, a Casa do Concello, o colexio público, o PAI, o centro de saúde e a piscina, entre outros, como un modo de promover a Ribeira Sacra e o sector do viño de xeito permanente. A técnica de decoración foi libre aínda que o Concello pediu que foran traballos propios. “Convertemos o noso Concello nun espazo para a creación artística a semana previa á feira”, explicou o rexedor.

Olería de Gundivós en Tokio

A olería tradicional de Gundivós (Sober) está representada nun establecemento comercial de Tokio no que se venden pezas de diversas modalidades artesanais de Galicia. A tenda pertence á compañía textil D-

Artesanía de Galicia, que ten por obxecto “acadar un sector artesán sólido e sostible non tempo” e fomentar a exportación deste tipo de produtos. A tradición oleira de Gundivós tamén protagoniza o terceiro certame de investigación Abandare de Lemos, convocada polo colectivo Lemos Le. O concurso está dedicado á figura de Dores López Lola de Penelas, unha coñecida artesá do



## Galicia

Redacción de LUGO

## Estudiantes de Monforte elaboraron un mapa para desprazarse a pé pola cidade



■ Estudantes e profesores co alcalde no Consistorio de Monforte.

**J**osé Tomé Roca, alcalde de Monforte, recibía oito alumnos en representación dos compañeiros de Educación Secundaria e de 1º de Bacharelato do IES Daviña Rey, así como a dous dos seus profesores e ó director do centro educativo. Os rapaces explicaron ó rexedor monfortino en que consiste Tips de Ruta, o proxecto de mobilidade sostible e segura que acaban de desenvolver no seu instituto para fomentar que os

percorridos pola cidade se fagan a pé. Os estudantes crearon un mapa que recolle as rutas cos itinerarios máis curtos para poder desprazarse por Monforte. O plano que elaboraron inclúe os metros e o tempo que se tarda en percorrer a pé, as distancias que hai entre as rúas, os barrios, os propios centros educativos e outros lugares de interese do casco urbán. Os rapaces entregaron varios exemplares do mapa ó alcalde e dixe-

ron “queremos que a xente non colla tanto o coche para moverse por aquí.” José Tomé Roca respondeu algunhas dúbidas dos rapaces sobre a forma de desprazarse pola cidade, e máis concretamente en relación co transporte público de cara ó futuro. O mandatario local comprometeuse co director do IES Daviña Rey e cos profesores a estudar a posibilidade de establecer unha fórmula de colaboración co centro educativo para poder difundir o Metro Minuto de Monforte: “considero que o máis axeitado sería explorar a posibilidade de establecer un convenio de colaboración entre o Concello de Monforte e o voso instituto para poder difundir o mapa que fixestes”, apuntou José Tomé Roca. O alcalde engadiu que “con este mecanismo poderíamos dar a coñecer o voso traballo a través da páxina web ou incluso distribuílo ós visitantes que se acheguen ata a nosa cidade e queiran solicitar información sobre Monforte”.

## A presa dos Peares terá sistema de emerxencia



■ Vista aérea da presa dos Peares entre as provincias de Lugo e Ourense.

**A** Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio outorgou ao concello de

Coles autorización autonómica en solo rústico para a instalación dunha sirena de emerxencia sobre un mástil

de 14 metros de altura, co fin de implantar o Plan de Emerxencia da presa dos Peares. Este Plan dá cumprimento ao establecido na “Directriz básica de planificación de Protección Civil ante risco de inundacións” e no “Regulamento técnico sobre seguridade de presas e embalses”. A actuación consiste na instalación da sirena PE-6, composta por un poste de 14,00 metros de altura con 18 bocinas, con cimentación mediante zapata de dimensións 2,45 x 2,45 metros e 1 metro de profundidade, instalándose ademais un valado metálico perimetral de paneis Hércules de aceiro galvanizado, de 2 metros de altura con porta metálica.

## Monforte renderá homenaxe ó escolapio Pai Esteban coa colocación dun busto e a edición dun libro



■ O alcalde adiantou información en rolda de prensa no Concello.

**O** alcalde, José Tomé Roca, anunciou que o Concello de Monforterenderáunha homenaxeóPai Esteban Martínez, que foi profesor no colexio dos Escolapios durante máis de medio século. O acto vaise celebrar o vindeiro sábado 23 de abril. Ese día está previsto que se lle dedique unha misa e que as cinsas do Pai Esteban descansen para sempre no Panteón dos Escolapios. Durante a roda de prensa, o rexedor estivo acompañado de Abel Veiga Copo e do Pai Pepe, que foron alumnos do relixioso. A homenaxeóPai Esteban contempla tamén a elaboración dun busto, que previsiblemente quedará instalado nos arredores do colexio coincidindo coa celebración relixiosa. O alcalde avanzou que a escultura vaise financiar por suscripción popular, pero no caso de que non sexa suficiente, o Concello asumirá o resto dos gastos. Ademais, está previsto que

se edite un libro no que as persoas que tiveron a ocasión de coñecer o escolapio elaboren unha semblanza sobre él. “Un grupo de ex alumnos dos Escolapios, como é o caso de Abel e do Pai Pepe, foron os que se puxeron en contacto connigo para renderlleóPai Esteban esta homenaxe. A partir de aí fixen as xestións oportunas e os seus restos que actualmente están en Madrid, van ser trasladados a Monforte”, explicou o alcalde, José Tomé. O mandatario local tivo palabras para ensalzar a figura do relixioso: “o Pai Esteban adicouse en corpo e alma a educar ós nenos de Monfortedeixando un recordo imborrable en todos aqueles que tiveron a sorte de coñecelo. Foi un home bo, sinxelo, discreto, pero sobre todo un exemplo de vocación, de entrega e de sabedoría. É de xustizarecoñecer a esta figura que adicou boa parte da súa vida a Monforte”.

## Alumnos de Monforte plantan novas árbores no parque de Rioseco



■ O alcalde plantando árbores cos escolares.

**O** Concello de Monforte celebrou o Día da Árbore no que 225 alumnos dos diferentes colexios da cidade deronse cita ao mediodía no parque de Rioseco. Coa axuda do persoal municipal de parques e xardíns, os escolares plantaron as súas árbores. O alcalde, José Tomé Roca, e o técnico municipal de Medio Ambiente supervisaron os traballos. O mandatario local ex-

plicou que o obxectivo deste día é “concienciar ás novas xeracións da importancia que ten a natureza e o Medio Ambiente. Coa plantación das árbores os rapaces tamén se converten nos protagonistas da xornada e entenden dun xeito máis directo o valor que teñen as árbores na nosa vida cotiá”. José Tomé engadiu que “os rapaces plantan un total de 18 árbores, dúas por

cada un dos colexios. Decidimos que se faga neste punto da cidade porque hai unha explanada grande que está sen árbores e polo tanto é unha zona sen sombras”. O parque de Rioseco conta coas seguintes especies: magnolios, Prunus pissardii (ciruelo xaponés), Betulo pendula (abedul), aesculus hippocastanum (castaño indias) e robinia pseudoacacia (robinia).

## Os alcaldes do PSdeG abordaron na Fegamp as prioridades municipais



■ O alcalde do Barco de Valdeorras e presidente da Fegamp presidiu a xuntanza.

Os alcaldes do PSOE na provincia de Lugo abordaron cos seus representantes na Fegamp prioridades municipais. Fixérono nun encontro na sede do partido na capital luguesa, no que participou o presidente deste organismo, tamén do PSOE, Alfredo

García. Os rexedores acordaron que todos os meses manterán unha reunión cos membros socialistas da provincia luguesa na Comisión Executiva da Fegamp, que son José Tomé e Regina Polín, alcaldes de Monforte de Lemos e Guitiriz, respectivamente, para estudar as

inquietudes municipais na provincia que deben ser obxecto de debate na Federación Galega de Municipios e Provincias. Na xuntanza, abordaron a sentenza de inconstitucionalidade da Reforma Local, unha normativa “nociva para os concellos, pois, en contra da nosa vontade, pretendía prohibirnos ofrecer aos nosos veciños servizos prioritarios”, apuntaron os rexedores. Por este motivo, subliñaron que “o noso obxectivo agora é abrir dende a Fegamp un proceso de negociación para conseguir unha nova lei de financiación local. Estamos dispostos a ter as competencias razoables, pero sempre co financiamento correspondente para poder ofrecer aos nosos veciños servizos públicos de calidade”, destacaron os socialistas.

### Escolas Infantís

Os alcaldes trataron os problemas que teñen co Consorcio Galego de

Igualdade e Benestar, dependente da Xunta, ao respecto das Escolas Infantís. Subliñaron que non se están a cumprir os convenios mediante os cales os concellos asumen o 33% dos custes de mantemento destas instalacións, pois os municipios pagan máis desta porcentaxe, en algún caso, ata a totalidade dos gastos. Alfredo García explicou que a Fegamp está negociando unha solución.

### CEIP e centros de saúde

Outros dos asuntos tratados foi a situación dos CEIP. Os concellos xa asumen os custes de mantemento, limpeza, luz e conserxería destas instalacións, pero falta investimento por parte da Xunta para a mellora dos centros escolares –cando é a súa responsabilidade– que son imposibles de asumir dende as arcas municipais. Ao respecto dos

centros de saúde, os alcaldes destacaron as trabas que o Goberno galego do PP está a impor para transferir estas instalacións, supondo máis custes improprios para os concellos.

### Revisión catastral

Os edís amosaron a súa preocupación ao respecto do “Catastro”. Subliñaron que se fixeron valoracións moi elevadas que prexudican para outros impostos e transmisións patrimoniais. Denunciaron que moitos dos seus veciños están tendo problemas para solicitar subvencións, como por exemplo as becas estudantis, xa que os alpendres, cobertizos ou os establos das explotacións agrarias agora computan como segunda vivenda. Acordaron que é necesario que se revise á baixa a ponencia de valores catastrais xa que están moi por enriba do mercado.

## Centro Ocupacional e Servizo Residencial para Monforte



■ Rey Varela cos pais e nais do alumnado do Centro de Educación Especial Infanta Elena.

A Xunta planifica aumentar o mapa de prestacións sociais na provincia de Lugo coa creación e posta en marcha dun novo Centro Ocupacional e Servizo Residencial en Monforte de Lemos, cuxo emprazamento será na planta baixa do Centro Agroforestal. O conselleiro de Política Social, José Manuel Rey Varela, avanzou esta proposta aos pais e nais do alumnado do Centro de Educación Especial Infanta Elena, cos que mantivo unha reunión na que abordaron a necesidade de que os seus fillos e fillas tivesen a posibilidade de continuar coa súa formación e desenvolvemento persoal tras completar a súa estancia no devandito centro. Nesta xuntanza tamén participou o alcalde monfortino, José Tomé Roca. O equipo técnico da Consellería de Política Social ten elabo-

rado un primeiro estudo no que recolle a distribución de espazos e a capacidade que terá este novo equipamento, así como unha valoración económica do seu custe, que estima en 255.000 euros. O centro ofertará unha trintena de prazas ocupacionais, ás que se sumarán outras 10 residenciais. Así as cousas, a zona ocupacional estará dotada, entre outros espazos, de enfermería, baños adaptados, unha sala polivalente e comedor de máis de 80 metros cadrados de superficie e diversos talleres, sendo os de maiores dimensións de 60 metros cadrados. Pola súa parte, a zona residencial ocupará 173 metros cadrados repartidos entre catro dormitorios dobres de algo máis de 22 metros cadrados cada un deles, e outros dous individuais de 13,90 metros cadrados por habitación.

## Piden que a provincia de Lugo sexa prioritaria na Eurorrexión

O presidente da Deputación, Darío Campos Conde, a alcaldesa de Lugo, Lara Méndez, o alcalde de Monforte, José Tomé Roca, e a alcaldesa de Sarria, Pilar López e o secretario xeral do Eixo Atlántico, Xoán Vázquez Mao reivindicaron e argumentaron a necesidade de que a provincia de Lugo sexa prioritaria na Eurorrexión. Fixérono tras unha xuntanza de traballo na que valoraron que esta medida é fundamental non só para Lugo, senón para toda Galicia. Na reunión, quedou de manifesto a necesidade de que a provincia de Lugo teña un papel máis activo na economía da Eurorrexión para o que se precisa, entre outras cuestións, conexións ferroviarias modernas. Neste senso, demandaron como prioridade “a conexión ferroviaria entre Lugo e Ourense”. Sinalaron que o Porto Seco de Monforte é un dos eixos do seu desenvolvemento, xa que sería o nodo loxístico dos transportes de mercadorías dende e cara os portos galegos de Interese Xeral do Estado (Vigo, Marín-Pontevedra, Vilagarcía, Coruña e Ferrol-San Cibrao), que no pasado 2015 moveron, no seu conxunto, un total de 34 millóns de toneladas. Ademais, o nodo loxístico de Monforte permitirá que as mercadorías enlazasen por ferrocarril en

Palencia coa liña de alta velocidade para mercadorías entre Aveiro-Salamanca-fronteira francesa e o resto de Europa, considerada prioritaria pola UE dentro da Rede Europea de Transportes, o que o fará máis competitivo. Deste xeito sumaríanse así sinerxías cos portos que estarán en mellor disposición de captar novos tráficos marítimos que naveguen dende Asia polo novo Canal de Panamá.

O alcalde Monforte, José Tomé Roca, lembrou que o tren sempre foi fundamental para o desenvolvemento e a vertebración da provincia, e denunciou que a día de hoxe esta infraestrutura viaria esta abandonada e esquecida polo Goberno de Feijoo. Os representantes anunciaron ademais que están a traballar para que a cidade de Lugo acolla a sede dos xogos do Eixo Atlántico, que se celebrarán no 2017.



■ O secretario xeral do Eixo Atlántico, Xoán Vázquez Mao, no uso da palabra

## Galicia

Redacción de LUGO

## Castro de Carballedo celebrará a XVI Feira da Carne ó Caldeiro

O Castro de Carballedo (Lugo) celebrará o domingo día 10 de abril a XVI Feira da Carne ó Caldeiro e de Productos Locais, organizada pola Asociación de Veciños O Bubaíño de Castro. Pola mañá un grupo de música tradicional ofrecerá un pasarrúas. Ás 12 abriase o recinto feiral no que, coma tódolos anos, haberá exposición de artesanía e de produtos locais e, como novidade, unha mostra de maquinaria agrícola. Media hora máis tarde, o escritor Lois Diéguez ofrecerá o pregón. As 13,00 horas xa se

Turismo de Castro. Sáesepola estrada LU-P1001 para a dous quilómetros coller un desvío á dereita pola LU-P1006. A 4.5 quilómetros hai dúas opcións para visitar a Igrexa de San Estevo de Chouzán: desvío á dereita pola LU-P1801 cara Chantada e a 600 metros hai un camiño á esquerda que conduce camiñando durante 300 metros ata a igrexa. Hai que voltar ata o cruce coa LU-P1006 para continuar a ruta. Outra opción de continuar no cruce á dereita e coller a 250 metros o desvío cara ó pobo de Chouzán



■ A feira está organizada pola Asociación de Veciños Bubaíño.

abrirá a carpa na que se servirá o xantar. Para encargar con tempo a carne, a organización facilita os teléfonos de contacto: Casa Benito: 982 466 339, Comida María Carmen: 696 989 767, Eutimio: 982 466 166, O Pendello: 982 466 271, outros 982 46 63 51, 609 84 73 92. Pola tarde, ás 17,30 horas haberá actuacións de maxia para os máis cativos e no serán actuará una orquestra. A organización, que preside Asunción Gómez Neira, portavoz do BNG no Concello, contaco a aportación económica da Deputación de Lugo e de Caixa Rural, ademais da colaboración do Sindicato Labrego Galego.

### Ruta turística

O Concello de Carballedo posúe unha interesante riqueza patrimonial, e non só mentes polas características propias de cada edificación senón tamén polo enclave natural no que se atopan. Unha ruta turística comezando na Oficina de

(Pacios) ó que se chega tras 1 quilómetro. O chegaró pobo en coche deixase para camiñar 500 metros por un sendeiro ata chegar á igrexa. Voltase a subir a estrada LU-P1801 e continuase 5.5 quilómetros pasando os lugares de A Grixoá, Vilar, Ribeiriña Arxamil, ata que se atope á esquerda un desvío que conduce tras 600 metros ata a Igrexa de San Xoán da Cova. É unha estrada sen asfaltar polo que se recomenda facer a visita andando. Unha vez de novo na LU-P1801 continúaase durante 5.5 quilómetros ata os Peares e subese dirección A Barrela, a 5 quilómetros no lugar de Porrás. Collese un cerrado desvío á dereita que leva tras 1 quilómetro ata a igrexa de San Miguel de Oleiros. Continuase por esta estrada secundaria 7 quilómetros pasando o lugar de A Ermida ata saír novamente á LU-P1801, donde se colle á dereita e tras 3.5 quilómetros para chegarnovamente no lugar de partida.

## Feira do Viño en Chantada



Chantada celebrou a 34 edición da Feira do Viño na que participaron 13 colleiteiros. O presidente do Consello da Cultura Galega, Ramón Villares, o pregoeiro, lembrou en varias pasaxes da dilatada estancia que estivo a residir en Chantada para preparar a súa tese doutoral, tanto a personaxes do pobo como algunhas das moitas tradicións populares da zona. Na fotografía,

Manuel Fernández, Pepe Carreira (Radio Galega), Víctor Velho (Nordesia e Organizador do WOMex), Antonio Vizcaya e Carolina (responsables da Gestión de Casa das Crechas) e Manolo (Gandeiro Sostenible-2.0 de Chantada) anfitrión dos seus amigos que fixeron unha viaxe puramente lúdica, aínda que todos son moi afeccionados o mundo do viño especialmente ós galegos.



## Redacción de OURENSE

## Ridículo do alcalde de Ribadavia, segundo o PP

O Grupo do Partido Popular na Deputación denunciou e cuestionou o feito de que o portavoz socialista na Deputación e alcalde de Ribadavia, Ignacio Gómez, fixese un rogo ao final da sesión plenaria da Corporación Muni-



■ Ignacio Gómez, alcalde de Ribadavia, é deputado provincial.

cipal para pedir o apoio na demanda xudicial presentada contra él por un traballador do Concello. O Grupo Popular sinala que o deputado e rexedor ribadaviense volveu a persistir na "mentira xudicial na que o mesmo incorreu non Pleno da Deputación de Ourense, ao negar que estivese implicado en ningún proceso xudicial". O PP, que se refire ao deputado e alcalde socialista como "míster caste", considera que o seu "esperpento político" alcanza xa "límites imprevisibles" ao tentar xustificar a súa mentira amparándose no Pleno da Corporación de Ribadavia e pedindo aos edís que o apoien na súa "falsidade". Ante a negativa da maioría da Corporación a iso, sinala o Grupo Popular, "Ignacio Gómez volveu quedar en ridículo", á vez que lembra que non lle corresponde ao alcalde sequera facer uso da quenda de rogos como pretendeu facer.

## Ribadavia celebra a 53 Feira do Viño do Ribeiro



■ Xurado do concurso de carteis para anunciar a feira do viño.

O deseño gráfico de Alfredo León Mañú, de Aoiz (Navarra) foi o gañador do concurso de carteis da 53 edición da Feira do Viño do Ribeiro de 2016, segundo o fallo dado a coñecer na sede do Consello Regulador. O seu traballo ilustra o cartel que anuncia o certame que celebrárase do 29 de abril ao 1 de maio. A obra foi seleccionada polo xurado do certame entre un total de 253 presentadas a concurso, e agora, ademais de pasar a ilustrar o cartel anunciador da Feira do Viño, o seu autor recibirá un premio de 1.500 euros co que estaba dotado este concurso. Este deseñador gráfico foi o autor do cartel da Festa da Historia de Ribadavia en 2014. A feira celebrárase no recinto da alameda. Como principais actividades figuran no programa a exalta-

ción e degustación dos viños do Ribeiro, cata popular, carreira popular denominada "Correndo entre Viñedos" e showcookings a cargo de recoñecidos cociñeiros. Tamén haberá eses días catas comentadas por sumillers profesionais, gala entrega de premios da cata popular, visitas guiadas ao futuro Museo do Viño de Galicia e ao castelo de Ribadavia. Por outra banda, haberá actuacións musicais en diversas rúas e prazas do conxunto histórico de Ribadavia, xuntanza de bandas de gaitas, exposicións dos carteis das anteriores edicións e curso da UNED exclusivo sobre temática do mundo do viño e do Ribeiro. Para os rapaces, a organización prepara actividades de gastronomía, humor, diversión, manualidades, entretemento e espectáculos de maxia.

## Gala de humor na Feira do Viño



■ María López, Felicísimo Pereira e José Ignacio Gómez.

A Feira do Viño do Ribeiro ofrecerá como novidade unha gala de humor coa presenza de tres monoloxistas. A denominada "RibeiroRisas" contará coa presenza de Tonhito de Poi, Isabel Risco e Fede Pérez. A entrada custará cinco euros

xunto con vinte e nove colleiteiros, cuxa produción é normalmente máis escasa e limitada ao froito dos seus propios viñedos. A edición 2016 foi presentada polo alcalde de Ribadavia, José Ignacio Gómez, a concelleira de Cultura, María López e o presidente do Consello Regulador da denominación de orixe Ribeiro, Felicísimo Pereira.

### Turismo

Os datos recollidos pola Oficina de Turismo de Ribadavia amosan unha ocupación e afluencia turística durante a Semana Santa que rozou o 100 %. Entraron a solicitar información turística na oficina municipal 1.100 persoas, das cales 311 gozaron do servizo de visitas con audioguías tanto na súa visita ao Castelo e Museo Sefardí coma ao conxunto histórico. A ocupación dos aloxamentos do municipio e comarca rozou o 100 %. O turismo termal acadou un novo cheo, con preto de 2.000 usuarios únicos nas Termas de Prexigueiro. A maior parte dos turistas chegaron de A Coruña, Ferrol, Santiago de Compostela, Vigo e provincia de Pontevedra. Dos chegados de fóra de Galicia destacan os

visitantes e turistas de Madrid, Asturias, País Vasco e León.



■ Federico Pérez interpretará un monólogo.

presentado a copa ou o billete de puntos que se poderá conseguir no recinto feiral. O acto, que se celebrará no auditorio do castelo, será presentado por Iria Sobrado. O programa desta edición repite as actividades enogastronómicas, que se incorporaron no 2012 con distintos formatos, o máis aceptado o dos talleres e exposicións de recoñecidos especialistas. Como relatores para esta edición elixiron os organizadores da feira a Carlos Maldonado, cociñeiro gañador da terceira edición de MasterChef; Héctor López, cociñeiro do restaurante España, de Lugo; o catador Nacho Costoya; Alberto Lareo, cociñeiro do restaurante Manso, de Santiago de Compostela, e Covadonga García, cociñeira finalista da terceira edición de MasterChef Junior. O programa da feira do 2016 pecharase o domingo, 1 de maio, coa presentación do ciclo de FP "aceites de oliva e viño", que será impartido por persoal docente do IES Ribeiro ás sete menos cuarto da tarde. Ás sete e media, como última cita, farase a entrega de premios da cata popular. Participarán once adegas das que teñen esa consideración por ter produción máis elevada,



■ Carlos Maldonado ofrecerá un obradoiro de cociña.

## Galicia

Redacción de OURENSE

## Empregabilidade na Gudiña, Riós e Vilariño de Conso

**C**lausurouse na Gudiña o obradoiro de emprego “Conso Frieiras” que este concello compartiu cos de Riós e Vilariño de Conso. Entregáronse diplomas aos 16 participantes neste programa mixto de formación e emprego dedicado á mocidade, no que a Consellería de Economía, Emprego e Industria investiu máis de 136.000 euros. Marisol Díaz, delegada da Xunta en Ourense, participou no acto de clausura acompañada dos alcaldes que compartiron este obradoiro e destacou que unha das prioridades da Xunta é apostar pola formación de calidade e, neste senso, sinalou que os obradoiros de emprego están vinculados á obtención dun certificado de



■ A delegada da Xunta cos alumnos e alcaldes de Vilariño de Conso, A Gudiña e Riós.

profesionalidade con validez nacional. A delegada territorial explicou que a Xunta está a investir este ano 14 millóns de

euros nos obradoiros de emprego para mellorar a capacitación das persoas desempregadas e crear emprego estable e de calidade. Os alumnos e alumnas, todos

eles menores de 30 anos, melloraron a súa cualificación e realizaron tarefas forestais e relacionadas coa albanelería nas tres localidades. Así, entre outras actuacións, rehabilitaron o lavadoiro de Riós, e conservaron e melloraron os soutos de castiñeiros, pinos, carballos e outras especies con fin dun mellor aproveitamento dos seus froitos e produtos forestais. Díaz Mouteira explicou que estes talleres, ademais de mellorar a empregabilidade dos alumnos e alumnas e ofrecerlles

formación de calidade e acceso a un emprego, levan aparelados a realización de obras e servizos para a comunidade.

## Contra as antenas de telefonía

**P**aís de alumnos do colexio de Castro Caldelas recolleron máis de 125 sinaturas de veciños pedindo que se retiren tres antenas de telefonía que hai nas proximidades do centro. Ademais, a través da plataforma Change.org conseguiron 422 adhesións no mesmo sentido. Recoñecen que as antenas contan cos permisos preceptivos, pero aseguran tamén que unhas medicións realizadas de forma independente sinalaron niveis de radiación “moi superiores aos cautelares” defendidos por organismos como o Consello de Europa. Sinalan que os niveis son elevados no interior do centro, e máis altos no lugar que ocupa a escola infantil, cons-

truída logo de instaladas as antenas. Non descartan realizar mobilizacións de protesta. A alcaldesa, Sara Inés Vega, manifestou que pediron á Universidade de Vigo, que fixo as medicións independentes no ano 2001 (cando se instalou as antenas), que lles diga sen os datos seguen vixentes ou si cambiaron. Cando teñan unha resposta, actuarán en consecuencia. Recordou Inés Vega que naquel momento as medicións sinalaron parámetros “a menos de mínimos”; mesmo resultado que deron as realizadas desde o colexio por outro especialista independente. Sobre as medicións achegadas polos pais, a rexedora resaltou que non sabe quen as fixo nin como.



■ As tres antenas están instaladas a carón do colexio público.

## Devesa dos Nenos en Castro Caldelas



■ Momento da inauguración da Devesa dos Nenos.

**O** Concello de Castro Caldelas organizou, con motivo do Día da Árbore, a plantación de sesenta árbores na Devesa do Conde, a carón do Parque da Estrela. A plantación foi realizada o 16 de marzo polos 112 nenos e nenas do colexio público e da gardería infantil. Posteriormente inaugurouse a Devesa dos Nenos. A

alcaldesa, Sara Inés Vega Núñez, e a delegada da Xunta en Ourense Marisol Díaz Mouteira descubriron a placa que dí “Dos nenos e nenas de hoxe para os caldelaos e caldelás de mañá”. Asistiron ao acto o xefe territorial da Consellería do Medio Rural, a xefe do Distrito XIII de Incendios e membros da corporación municipal.

## Impulso ao agro en Vilardevós e Riós

**A** conselleira do Medio Rural, Ángeles Vázquez, reuniuse en Santiago cos alcaldes de Vilardevós, Manuel Cardoso, e de Riós, Francisco Veiga. A conselleira e ambos rexedores estudaron

diferentes vías de colaboración para impulsar o agro nestes municipios, e nomeadamente no que se refire ao impulso da produción de castaña, unha actividade na que destaca esta zona do oriente ourensán.



■ Ángeles Vázquez durante a reunión cos alcaldes de Vilardevós e Riós.

# Expourense no Día de Galicia en Braga

A 49ª edición de Agro, FERIA Internacional de Agricultura, Gando e Alimentación, na localidade portuguesa de Braga, celebrou o Día adicado a Galicia que contou cunha visita institucional integrada pola delegada territorial da Xunta, Marisol Díaz Mouteira e polo director xerente de Expourense, Alejandro Rubín Carballo. O ministro de Agricultura de Portugal, Luís Capoulas Santos, visitou o stand de Expourense. Esta cita desenvolve un relevante papel de promoción e divulgación dos produtos e serve de punto de encontro das empresas agroalimentarias de Portugal recibindo máis de 100.000 visitas os catro días. En virtude dos convenios de cooperación transfronteiriça que Expourense mantén con distintas entidades do Norte de Portugal, entre as que se atopa o Parque de Exposições de Braga, o recinto feiral ourensán contou cun stand dende o que se promocionou as súas vindeiras

ras citas vencelladas ó sector primario e ó turismo e nas que o mercado portugués xoga un importante papel. Ambas as dúas entidades colaboran para garantir a promoción dos seus recursos nos eventos organizados pola outra e que están vencellados co termalismo, a gastronomía, co envellecemento poboacional e coa industria funeraria. O stand de Expourense ofreceu unha degustación dos viños Ribeiro, Valdeorras e Monterrei. As citas que Expourense promocionou foron: Galisenior, que se celebrará o 25 e 26 de maio. Termatalia México, do 29 de setembro a 1 de outubro. Funergal, do 11 ao 12 de novembro e Xantar, do 1 ao 5 de febreiro de 2017. Expourense reforza as relacións de cooperación transfronteiriça enfocada ao ámbito agroalimentario e ó turismo de proximidade para fomentar a competitividade das empresas galegas, dos pequenos produtores e cooperativistas.



■ Alejandro Rubín Carballo entregou un agasallo ao ministro portugués de Agricultura.

## 11º SALÓN DA PREVENCIÓN E SEGURIDADE LABORAL

Ourense, 13 e 14 de abril de 2016

**A prevención é cousa de tod@s**  
**¡Ven e Participa!**

**Programa de Actividades**

**Centradas nos seguintes bloques temáticos:**

- Seminario profesional sobre Empresas saudables destinado a traballadores.
- Obradoiro sobre prevención nos sectores dos balnearios e no primario (froitos secos e oleoxinosas).
- Actualidade normativa sobre saúde laboral e incapacidades temporais.
- Actividades formativas orientadas aos técnicos sanitarios e empresas xestoras de emerxencias de Galicia.

Organiza:

Proxecto Financiado:

XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,  
EMPREGO E INDUSTRIA

Co apoio de:

IGAPE  
Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral

**www.previsel.com**

## Galicia

Redacción de OURENSE

## Alexandro en San Martiño Pinarío

O pintor ourensán Alexandro, afincado en Muxía, abrirá o xoves día 5 de maio ás 20,30 horas unha exposición de “crucificados” en San Martiño Pinarío, de Santiago. A mostra, que estará aberta ata

xuño, consta de 80 pezas, 60 en pequeno formato e o resto en telas de gran formato. O pintor iniciou o traballo de esta serie no ano 2014 e trátase de imaxes de crucificados sin as cruces.



■ O pintor nunha recente viaxe a Ourense.

## Mostra Internacional de Teatro



■ Presentación da Miteu en Ourense.

A Mostra Internacional de Teatro Universitario de Ourense (MITEU) regresa este ano con máis de 30 espectáculos, tanto universitarios como profesionais, cunha ampla proposta de xéneros e de estilos, coa participación de diversos países e cunha ampla presenza na cidade a través de diferentes espazos. Do 15 ao 30 de abril, o Auditorio Municipal, o Teatro Principal e numerosos locais e rúas da cidade serán o escenario da vixésimo primeira edición desta mostra di-

rixa por Fernando da Costa e que conta un ano máis co apoio da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. O secretario xeral de Cultura, Anxo Lorenzo, participou na presentación da programación, da que destacou o intercambio artístico e humano entre grupos galegos, do resto do Estado e tamén do exterior, xa que conta cunha ampla presenza internacional, vinculada a países como Afganistán, Arxentina, Chile, Inglaterra e Italia.

## Fala Redes en Castro Caldelas



■ Actuación de “Xente miúda, moita fartura”.

Astutos e de engenhosa ideia, os locais, em tempos que se perdem na cronologia (ou que os testemunhos vivos não conseguem precisar) construíram naquele alto uma capela de tecto em pedra abobadada, vedando, como se de um cofre forte se tratasse, os intentos de quem encetasse pelo telhado a missão de espoliar os de Penso da sua venerada imagem. No dia da festa, em Agosto, a procissão é (e será, a manter-se o caminho) um teste à devoção religiosa de cada um dos devotos participantes. Ao longo de mais de duas horas, a procissão segue “a bom passo” desde a igreja paroquial até à capela. Hoje, até os mais idosos podem ir até ao monte de São Tomé, levados por um caminho pago também por si ou

pelos seus, o que tornará a viagem mais satisfatória.

## Galiza também participa no 'alumiar' a São Tomé

Alumiar a São Tomé é um ritual que também se perde por entre os pergaminhos da História. Numa primeira interpretação, será para 'alumiar' o caminho a São Tomé, mas para quem hoje pega no feixe de palha centeio para pôr a arder, o significado já não é tão claro.

“Lembro-me disto desde sempre”, observa Manuel Cordeiro, que ao longo da sua vida persistiu em manter a tradição tal como lhe foi passada. E a tradição manda que seja a 20 de Dezembro e com pequenos molhos de palha centeio – as 'fachuqueiras' (influência galega?).

Assim, a cada 20 de Dezembro, mal a penumbra se faça notar, o que geralmente acontece entre as 17h e as 18h, os moradores saem de suas casas e, colocando-se em lugares de franca visibilidade, começam a queimar a palha centeio (o colmo) e a entoar as frases que a tradição mandou.

“Algumas das pessoas que ainda hoje semeiam centeio é mais por essa tradição”, refere Manuel Pereira. “E para chamuscar o porco”, reforça Manuel Cordeiro que, como ancião, sabe quando elevar a mística dos hábitos populares da sua gente, mas também ser pragmático. Há quem diga que, do lado galego, a 20 de Dezembro também se acendem as 'fachuqueiras', seja porque alguns melgacenses casaram lá, seja porque a tradição de alumiar a São Tomé também signifique algo do outro lado do rio Minho.

## Mulheres melgacenses com “garra” desportiva Equipa feminina do SC Melgacense jogou “solidário”

**N**o dia 19 de Março, o dia é tradicionalmente dedicado ao pai (o Dia do Pai comemora-se neste dia em Portugal, Espanha, Itália, Andorra, Bolívia, Honduras e Liechtenstein), mas em Melgaço o dia ficou marcado pela acção das mulheres, quer pela mobilização em grupo em prol de uma causa solidária, quer pelo seu destaque numa actividade desportiva em que geralmente são os homens que se destacam.

Era dia de futebol e as atletas treinadas por Emídio Afonso desde finais de 2015 com as cores do Sport Clube Melgacense ao peito, ti-

veram neste dia a sua primeira prova 'de fogo', ainda que amigável, frente à equipa feminina do S.C. Fontourense.

Cerca de trinta mulheres melgacenses – uma participação numérica que surpreendeu e mereceu elogios até do treinador da formação fontourense – compareceram equipadas a rigor para uma partida onde o marcador foi apenas um avaliador da capacidade de concretização. O valor da entrada, também ele simbólico, revertia para a campanha local da Liga Portuguesa Contra o Cancro e a bancada compôs-se para ver pela primeira vez em Melgaço uma



equipa feminina local assumir o centro do campo.

Em duas metades, com tempos não regulares, as “Jovens Guerreiras” melgacenses acabariam por responder com um único golo aos três apontados pela mais experiente formação Fontourense, mas o espectáculo não esmoreceu que viu nem o técnico que orienta o treino. Afinal, a maioria das mulheres melgacenses jogava apenas com a experiência de quatro meses frente a uma formação adversária com seis anos de existência e treino da maioria das atletas.

“Empenharam-se bastante naquilo que temos vindo a desenvolver, que é o treino mais físico. Tem de associar-se mais à bola, mas algumas nunca tinham jogado à bola, outras não jogavam futebol de onze, por isso gostei do com-

portamento da equipa, do empenho de todas. Em relação ao primeiro treino, nota-se muita evolução”, observava o treinador Emídio Afonso, no final da partida.

O exercício e desempenho poderá ganhar mais forma e domínio técnico em partidas próximas, já que o técnico pondera inscrever a equipa para entrar num circuito de deslocações um pouco pela zona norte, em eventuais disputas de torneios, triangulares ou amigáveis na zona Norte do país.

João Martins, treinador das atletas do SC Fontourense há três anos, dos seis que o grupo já soma de prática desportiva, apoiava a continuidade destes desafios no feminino. “É um evento a ser repetido, o Melgacense está de parabéns, tem uma equipa de 27, 30 jogadoras e isso é muito bom”.

**CAFETERIA-PASTELERIA**

- \*PIZZAS.
- \*HAMBURGUESAS.
- \*BATIDOS DE FRUTAS.
- \*DESAYUNOS.
- \*SERVICIO RESTAURANTE.

**En Arbo e Melgaço**

## Arbo

# Galegos e portugueses xuntos para defender as persoas e o medio ambiente



No sábado 12 de marzo, máis unha vez, os movementos sociais galegos e portugueses, os seus representantes políticos locais de Arbo, Melgaço, Ponte da Lima e Monção, e deputados e deputadas en Bruxelas, Lisboa e Madrid, construímos unha mensaxe uniforme de rexeitamento frontal aos intereses especulativos da Rede Eléctrica Española e a Rede Eléctrica Nacional coa Liña de Moi Alta Tensión que queren colocar sobre as nosas cabezas. Ficou moi claro que non estamos en contra do progreso nin das LAT pero estamos radicalmente en contra dos intentos desas empresas, controladas no caso

portugués, por un xigante económico chinés, e no caso español, con participación de fondos especulativos, de enganar á cidadanía co visto e bo de algunhas institucións españolas como a Deputación de Pontevedra e a Xunta de Galicia.

Enganar, si: ao presentar dous proxectos partidos, un galego e outro portugués, cando se trata de un único proxecto transfronteirizo que non se entende de xeito partido como esas empresas o presentaron. Enganar, si: ao presentar a actual retirada do proxecto polo lado portugués como un movemento táctico que pretende desmobilizar ao move-

mento social de oposición. Enganar, si: ao presentar, tanto REE como REN, efectos nulos do electromagnetismo sobre as persoas, como deixou claro Pedro Costa Morata.. Enganar, si: ao ocultar nos do-

denuncia ambiental contra a LAT admitida a trámite polas institucións europeas. Así mesmo, unha conclusión adicional do evento organizado por AGRELAR, coa colaboración da CMVMC de Sela e o GIEEA da Universidade de Vigo, é a necesidade de manter a acción reivindicativa conxunta entre galegos e portugueses.

Finalmente, a voceira Fabiola Durán de AGRELAR quere facer dúas mencións máis.

A primeira, lamentar a ausencia de políticos locais durante o evento, ao non participar ninguén do goberno municipal arbense, o que mostra, segundo o noso punto de vista, unha posición cando menos ambigua en relación con este problema social e ambiental. Dirán que ninguén os convidou pero a verdade é que AGRELAR non convidou a ninguén, agás os participantes da mesa, e sen embargo assistiu o Presidente da Asembleia Municipal de Monção, a Vicepresidenta da Cámara Municipal de Monção, Messegães, o Presidente da Freguesía de Valadares e Sá de Monção, o Presidente da Freguesía do Penso de Melgaço así



**SISVENPVC**  
 VENTANAS DE ALUMINIO Y PVC

ESPAÑA PORTUGAL FRANCIA

**FÁBRICA Y EXPOSICIÓN**

Polígono Industrial, 13 - ARBO  
 ☎(0034) 986 66 56 36 - 670 04 62 57

**www.sisven.es**  
 sisven@sisven.es

cumentos que parte da infraestrutura se sitúa sobre Rede Natura e ampliando sesgadamente a distancia á que se encontran as casas da LAT. Enganar, si: ao ocultar a existencia de alternativas tanto de trazado como de soterramento, moito menos agresivas para as persoas e o medio ambiente.

A concelleira Fabiola Durán sinala que acontecido en Arbo mantén e reaviva a loita contra esta infraestrutura cuxa necesidade social non está xustificada real e obxectivamente.

Pedro Soares, Deputado na Asembleia da República, e Alexandra Fernández, Deputada no Congreso, abriron as xanelas das súas institucións para que os “miñotos e galegos” poidamos levar a esas institucións a nosa loita contra a barbarie da LAT 400 kV. A Eurodeputada Lidia Senra, desde a distancia, manifestou que seguirá con todo o interese a evolución da

como o Presidente dunha Freguesía de Ponte da Lima.

A Segunda, ten que ver co movemento social que se está a producir en Messegães, Valadares e Sá (Monção) en relación coas terras ocupadas pola EDP nos anos 70 cando se quixo construír o denominado Salto de Sela. Unha vez máis, os galegos estamos por detrás dos veciños e amigos portugueses, mais estamos moi contentos ao observar que o Salto de Sela é un soño do pasado pois a EDP, a empresa portuguesa concesionaria xunto coa española Fenosa, do Salto de Sela está a negociar a devolución deses terreos. Nós desde AGRELAR iniciamos un proceso de información que nos permita deseñar unha estratexia encamiñada a alcanzar a requirida devolución das terras e das pesqueiras que ocupou Fenosa para un Salto de Sela que definitivamente non se vai facer.



## Atende ao telemóbel

Por: Edu Pérez (Arbo)

**A** chéganse días de festa, Arbo ( España ) – Melgaço (Portugal), fronte a fronte, unidos pola ponte internacional, unidos por sangue, unidos por costumes por amizade, unidos tamen polo Alvariño, pero eses días cada un polo seu lado.

Este mes de Abril que cada ano celebramos os vecinos de Arbo e os fregreses de Melgaço nesta ocasión farémolo por separado. Non se trata dun divorcio nin dunha separación; trátase, como dicía o Rei de España, dun cese temporal na convivencia. Palabras que utilizou na separación da súa filla a Infanta Elena e o seu marido o duque de Lugo Jaime de Marichalar.

Os días 23-24 e 25 percorrерemos as rúas, visitaremos as tascas, bailaremos na verbena arbenses con arbenses – melgacenses con melgacenses. Celebraremos a Lampreia en Arbo e celebraran o Alvarinho e o Fumeiro en Melgaço, e non o faremos xuntos como ven sendo costume. A decisión non a tomaron os veciños dun lado nin doutro. Resultaría tan difícil que se puxeran de acordó a quen lle corresponde?

Sinto como veciño de Arbo e tamén de Melgaço esta coincidencia entre a súa Festa e a nosa Festa, porque cada que ficará no seu currunchiño; pero por quen máis o sinto e polo NANDIÑO de Sao Paio que aproveitaba cada minuto, nunha e outra festa, ata que poñían o peche saboreando os caldos alvarinhos e os petiscos das dúas ribeiras do Miño. Non te preocupes NANDIÑO; para ti todolos días son festa, O día 26 faremos outra nós solos; de seguro que nos entenderemos.

# LVI Festa da LAMPREA

22, 23, 24 de abril | 2016

| Arbo



FESTA DE GALICIA DE INTERESE TURÍSTICO



Deputación



## Arbo

# As pesqueiras do río Miño: un patrimonio histórico, arquitectónico, paisaxístico e antropológico

A rehabilitación das pesqueiras do Coxo, dos Cregos, do Tronco e do Puntal do Canelas

Por: Manuel Xiráldez, miñoto arabense

## I. As pesqueiras do Río Miño: un patrimonio histórico, arquitectónico, paisaxístico e antropológico.

A orixe e o devir de Arbo está ligado aos froitos da terra máis á habenza do río, especialmente vencellado á expansión da vide e da pesca a partir do Aravo medieval dos séculos XII e XIII, etapa de forte dominio monástico-señorial. As ribeiras do Miño e os viñedos configuran unha paisaxe e descubren unha historia antiga, pesqueiras e viñas conviven desde séculos nunha perfecta harmonía natural, necesaria e complementaria: entre o tempo que transcorría en armar e levantar a rede na procura de peixe, o ser arabense aprendía a plantar, enxertar, podar, atar...as videiras. É o nacemento dunha vida particular e a súa evolución posterior: a Ribeira Miño como paisaxe cultural nun proceso evolutivo de interacción ser humano/ ambiente.

En todas as freguesías, máis ou menos perto das ribeiras, os herdeiros ou veciños con dereitos nos pescos, procuraron e procuran, entre febreiro e maio, na pesca da lamprea, do sábel, da sablenlla, do salmón, do escalo,... un bo avío, un valioso e arranxador complemento natural á horta, á vide e á labranza. Terras que contan coas súas ata-laias nas augas miñotas, os seus pódium ou torriñas, as pesqueiras cos seus nomes fermosos, bautizos da vida ao longo dos tempos, conservados, simplificados, cambiados ou esquecidos. Monumentos históricos, patrimonio arquitectónico, paisaxístico e antropológico, espazos de encontro, de traballo e reparto, de enxamea e folía.

Unha camiñada río arriba polas ribeiras do Miño superior ou Miño das augas bravas, de Sela a Barcela, de Santa María de Arbo a Mourentán e Cequeliños, permite localizar e converter as pesqueiras e a súa onomástica nunha aula aberta interpretativa de xeografía, historia, lingua e cultura: un espazo de convivencias ga-

lego-portuguesas, na noutro vella Gallaecia, que cómpre recuperar, protexer e revitalizar.

Manuel Xiráldez. "Arredor da pesca en Arbo." XL Festa da Lamprea. Concello de Arbo. 2000.

Manuel Xiráldez. "Videiras e pesqueiras nas orixes e no devir arabense". LV Festa da Lamprea. Concello de Arbo. 2015

## II. Artes e tipos de pesqueiras.

### As Pesqueiras de viturón

Segundo a definición de estudosos como o historiador Alfonso Vázquez ( La Lamprea del Río Miño. 1962), o etnógrafo Xaquín Lorenzo ( O Mar e os Ríos. 1982) ou o arquitecto César Portela ( As Pesqueiras do Río Miño. 1985), os pescos son uns muros construídos no leito do río, contra unha marxe, inclinados no senso da corrente e de tal xeito que hai outro paralelo ao primeiro, da mesma lonxitude e avanzado cara ao centro do río. Cada unha destas paredes recibe o nome de poio e o seu número depende da fondura do río, do réxime das augas e doutros factores ( hai pescos dun só poio, de dous ou tres, e aínda de catro. A fronte de cada poio é irregular, ás veces en forma de escaleira para facilitar, coas augas baixas, o paso dun a outro. Outras veces o paso faise por medio dunha escaleira que se coloca de xeito horizontal e que fai de ponte. O tamaño corrente dun poio é de dous metros de ancho por catro ou cinco de largo, e catro ou cinco tamén de alto). Entre cada dous poios fórmanse unha especie de corredor e na súa entrada, soleira, colócase o viturón ou masoura. Paralelamente aos poios aínda se atopa outro corpo, o rabo, o máis afastado da ribeira, formado por un muro do alto normal das augas, orixinando o rápido máis espectacular, e que ten por obxecto desviar a corrente cara aos poios para que alí vaia o peixe buscando a máxima facilidade para remontar o río cando as correntes das augas son fortes, e buscando o tiro da corrente que lle indica a afluencia do caudal do río cando esta é escasa (tamén as hai sen rabo).

Cada poio ten na cara que dá ao nacemento do río, e a un nivel

baixo, un saínte cilíndrico de pedra chamado lapadoiro, e na parte de riba outro chamado marco; un e outro poden ser de ferro. Na cara superior do poio atópase unha cavidade que serve para botar o peixe cando se de-

segmentos da rede chámase, comezando sempre pola boca, buciño, cernelleiro, medio e rabicheira, que remata nun gancho de ferro. A parte interior consiste nunha rede cónica cun aro na boca, o aro do buzo, su-

extremidade dianteira, dispoñendo de argolas chumbadas.

Neste redeiro distínguense as seguintes partes: o muleiro, que vai enganchado nunha pedra a catro ou cinco metros no fondo da auga; a vide, que queda a flor da



■ Recollendo o viturón e metendo as lampreas no saco. (Foto: M. Xiráldez)

sarma o aparello. O viturónponse coa boca na soleira e engáñchase a unha cadea que pasa polo lapadoiro e vén rematar ao marco, onde se pecha cun cadeado. Na saída do corredor hai un gancho de ferro espetado nun penedo e alí vai amarrar o gancho do viturón. Todas estas operacións fanse desde o cume dos poios, valéndose dunha especie de bisarma mangada nun pau, o gancho.

Arte de pesca tamén chamada masoura, nasoura ou naseiro e moi empregada no tramo entre Arbo e Cequeliños, o viturón consiste nunha rede de forma cónica, formada por dúas pezas, unha exterior e outra interior. A primeira comeza na base, que é aberta, por un arco de pau de loureiro, arco bocal, que mantén as ramas paralelas entre si por medio dunha verga chamada trabadoiro. O resto está dividido en sección por medio de dous ou tres arcos, tamén de madeira, que son: a balona, o arco do medio e o arco da rabicheira. Os

xeito por unhas liñas ao arco bocal, e que remata no outro extremo cunha abertura que manteñen pechada unhas cordas, fieles ou pernas, que van ao extremo da rabicheira. O conxunto do viturón mantense estendido e rixido por medio de dúas varas que van desde o arco bocal ao remate da rabicheira.

### As pesqueiras de cabaceira.

Na zona de Arbo destaca outro tipo de pesco caracterizado por presentar un corpo único e bastante longo, que se interna no leito do río ata ocupar un terzo do mesmo, onde se usa unha rede especial que se arrebola e chámase cabaceira ou redeiro, moi utilizada en Barcela e sobre todo en Sela. Ármase na extremidade da pesqueira, no puntal ou punteira, mediante un fermoso lance por parte dos pescadores. Para armar a cabaceira conforme a altura do río certas pesqueiras posúen uns degraus ou chanzos escavados ou construídos na súa

auga enganchada nunha cadea ou marco do puntal da pesqueira; a cabaza ou boia feita de caco, que fai flotar a rede na auga; a muleira, pedra de dous quilos situada fronte á cabaza e que abre o pano do redeiro no fondo da auga para que así entre nel o peixe para xa non saír; o rabo ou final do redeiro; a varanda, extensión que vai da vide á cabaza; e o testeiro, a parte que se estende da vide ao muleiro.

A cabaceira pode ser a sabal, empregada para o sábel e o salmón, ou a rede basta, para a lamprea. En forma de funil, mide de doce a catorce metros e remata nun fino copo lastrado e aberto por dúas pedras, o muleiro e a muleira, mentres que por arriba é tensada pola cabaza flotante. Algunhas pesqueiras permiten tanto o emprego do viturón como da cabaceira, ao seren construídas de tal forma que o seu último corpo se encontra en zona do río suficientemente profunda para o lanzamento da rede.



■ O viturón ou masoura cos pescadores Severo e Luís. (Foto: M. Xiráldez).

### III.A rehabilitación das pesqueiras do Coxo, dos Cregos, do Tronco e do Puntal do Canelas.

#### A pesqueira do Coxo.

Situada no lugar do Cachón, a uns trescentos metros do vello embarcadero, por riba da ponte internacional Arbo-Melgaço, é unha secular e afamada pesqueira de viturón. A descrición da súa estrutura arquitectónica pre-

senta as características de dous poios, dúas bocas e un rabo. Arma coa rede viturón, mais antigamente tivo a opción de poder utilizar no primeiro poio o redeiro (rede basta, cabaceira ou cabeceira). Pesca sobre todo lamprea e sábel. A denominación popular do Coxo fai referencia a un dos seus principais herdeiros e pescadores do que aínda permanecen lembranzas, O Manolo do Coxo. Tamén é coñecida como A Gloria polos centos de lampreas e sábeles que aparecían cada noite nas redes, ata tal punto que os herdeiros inscribiron sobre a pedra :Viva a Gloria!

#### A pesqueira dos Cregos.

Localizada preto do embarcadero ou lugar da Barca Vella, fronte á histórica fronteira de San Marcos (O Peso – Paderne) con Portugal, por debaixo da Ponte Internacional Arbo – Melgaço, é unha das pesqueiras de viturón máis antigas e populares da costa arbense. A súa arquitectura presenta catro poios, catro bocas con cadanseu nome propio (unha delas é coñecida como a “Pillagatos”) e un rabo (ou dous rabos unidos). Arma coa rede viturón ou masour (nasoura ou naseiro). Pesca lamprea e peixe do río coma sábel ou escalos. Moi famosa por ser “das boas”, das que daban centos de sábeles e de lampreas cada vez que os herdeiros armaban e desarmaban. O nome “dos cregos” evoca os tempos pasados de privilexios e dominio monástico clerical ao igual ca outras denominacións da zona coma “Os Coengos”, “O Flaire”, “O Cachón do Abade”...

#### A pesqueira do Tronco.

Situada no lugar da Barca de Loimil, próxima á boca do túnel da vía férrea, aínda dentro do termo



■ O Mirito (dereita) e o Pedro (esquerda) sacando lampreas do viturón nos Cregos. (Imaxe: Eliseo Alonso: “Pescadores del Río Miño”. Deputación Provincial de Pontevedra, 1989)

da freguesía de Santa María de Arbo, é unha pesqueira moi longa e de “altura ou crecida” xa que necesita un gran caudal de auga. A súa planta arquitectónica descobre tres poios (dous máis un distanciados), catro bocas (tres máis unha cuarta natural nas propias rochas) e un anaco de rabo na segunda boca cara ás pedras da vía do tren. Arma con viturón para a lamprea e con rede cabaceira na punta para o sábel e o salmón. É unha das pesqueiras citadas entre as trinta e seis rexistradas na freguesía de Santa María de Arbo no Catastro de Ensenada de 1753: “(...) otra al sitio do Tronco, propia de Domingo Montero, que vale de año otros diez reales (...)”.



■ A cabaceira (Foto: M. Xiráldez)



■ Pesacador arvense cun sábel. (Imaxe: Eliseo Alonso: “Pescadores del Río Miño”. Deputación Provincial de Pontevedra, 1989)

#### A pesqueira do puntal do Canelas.

Tamén coñecida como “Pesco de Almansa” ou “Raña de Almansa”, atópase no lugar da Ribeira do Porto ou Porto de San Martiño, na freguesía de Santa Mariña de Sela, na zona das augas minero-medicinais e onde unha histórica barca de pasaxe mantiña a comunicación entre as dúas marxes do Miño. Da súa arquitectura salienta que toda ela é un poio sen bocas e sen rabo, mais si conta cuns chanzos no puntal para armar coa rede redeira ou cabaceira. A pesqueira do Puntal do Canelas é unha referencia secular para os pescadores ribeiráns ao ser considerada unha das mellores para a pesca de lampreas, sábeles ou salmóns.



■ Lance da cabaceira (Imaxe: Eliseo Alonso: “Pescadores del Río Miño”. Deputación Provincial de Pontevedra, 1989).



■ Os pescadores Luís e Severo amañando a cabaceira ou redeiro lampreeiro con rede basta. (Foto: M. Xiráldez).



■ Os pescadores Luís e Severo amañando a cabaceira ou redeiro sabal. (Foto: M. Xiráldez)

# LVI FESTA DA LAMPREA

## ARBO

Os días 22, 23, 24 de Abril de 2016

Venres  
**22**

17:30 h. Inauguración oficial de **ARBOMOSTRA 2016**

20:30 h. **GALA DA LAMPREA** no Auditorio do Centro Multiusos.

Actuación da **PIANISTA ANDREA GONZÁLEZ**

Pola noite gran verbena coa Orquestra **STELARES** na Praza Consistorio e **GRUPO FOLK "PELEPAU"**, na Praza do Mercado.

Sábado  
**23**

11:00 h. Pasarrúas a cargo da **BANDA DE MÚSICA MUNICIPAL DE ARBO**

De 11:00 h. a 23:00 h. Visitas a **ARBOMOSTRA 2016**

11:30 h. Pasarrúas pola Banda de Gaitas **ASOC. CULTURAL BARCA DE LOIMIL**

12:00 h. Actuación de Cantos de Cego na rúa, polo Zanfonista **LUIS CARUNCHO**

12:30 h. Recepción de Autoridades no Concello

13:00 h. Pregón

13:30 h. Actuación da **BANDA DE MÚSICA MUNICIPAL DE ARBO** e **CORAL POLIFÓNICA DE ARBO**

14:30 h. Xantar da Lamprea

17:30 h. Pasarrúas a cargo das Charangas **VAI DE BAILE** e **LEÑA VERDE**

18:30 h. Actuación do Grupo Folclórico **ASOCIACIÓN CULTURAL BARCA DE LOIMIL**, na Praza Consistorio

19:30 h. Concerto pola **BANDA DE MÚSICA MUNICIPAL DE ARBO**, na Praza Consistorio.

21:00 h. Concerto de **MIGUEL SUCASAS JAZZ QUARTET** no Auditorio do Centro Multiusos

Pola noite gran verbena amenizada polas orquestras

**MARBELLA** e **PONTEVEDRA** na Praza Consistorio

e **MACRODISCOTECA MOVIL "SPACE MUSIC"** na Praza do Mercado

Domingo  
**24**

11:00 h. Pasarrúas e concerto na Praza Consistorio pola **BANDA DE GAITAS XARABAL**

De 11:00 h. a 23:00 h. Visitas a **ARBOMOSTRA 2016**

12:00 h. Pasarrúas pola Banda de Gaitas da **ASOCIACIÓN CULTURAL A VELLA BARCA**

13:00 h. Actuación do Grupo Folclórico da **ASOCIACIÓN CULTURAL A VELLA BARCA** na Praza Consistorio

17:30 h. Pasarrúas polas Charangas **VAI DE BAILE** e **LEÑA VERDE**

18:30 h. Pasarrúas e concerto da Banda de Música **UNIÓN MUSICAL DE VALLADARES**

20:30 h. Exhibición do Grupo de Baile **ACTIVO** na Praza Consistorio

22:00 h. Gran verbena coa Orquestra

**GRAN PARADA** e **LUCIA PÉREZ** en Concerto

EN CASO DE MAL TEMPO AS ACTUACIÓNS REALIZARÁNSE NO AUDITORIO DO CENTRO MULTIUSOS OU NA CARPA DE ARBOMOSTRA

Festa de Gallaia  
de  
Interese Turístico

ORGANIZA:



Concello  
de Arbo

COLABORAN:



XUNTA  
DE GALICIA



DEPUTACIÓN  
PONTEVEDRA



//ABANCA



Sistema de Ducha



■ Gair ten presenza nas catro provincias galegas

Ofrece un servizo de máxima calidade, rápido e flexible baseado na atención personalizada e o cumprimento estrito da normativa de Xestión Ambiental. Para iso comeza a empresa realizando unha proposta económica buscando a solución máis eficaz que leve a valorizar a maior cantidade de residuos. Ademais realiza un seguimento dos clientes para avaliar a eficiencia do sistema elixido, a posibilidade de melloralo e sobre todo o grao de satisfacción ao cliente.

Limpezas Vázquez

É unha empresa pioneira no sector da limpeza con máis de 30 anos de experiencia no sector. Os servizos realízanse en toda a comunidade autónoma galega. A empresa conta cunha ampla gama de profesionais, preparados e formados para realizar calquera servizo de limpeza e mantemento, tanto a nivel privado como público. Entre os outros servizos destacan: limpeza e mantemento de oficinas, naves, locais comerciais, colexios, clínicas, comunidades, garderías, cristais, rótulos, aspirado de garaxe e tratamento de solos. Dispón de persoal formado especificamente para todo de limpeza fin de obra. Así tamén de persoal para a limpeza a particulares de pisos, casas, chalés, cristalizado de chans e tratamento de chans de seipolán. O persoal está formado en prevención de riscos laborais e vixilancia da saúde.

Madisor, S.L.

Marra Distribución Ourense S.L. é una empresa de segunda xeración familiar fundada en 1996 por Antonio Barra Santana, o cal xa se dedicaba á venda e distribución de carnes e embutidos. A empresa segue a liña da antiga distribuidora e dedícase á venda a establecementos de alimentación, tenda tradicional, carnicerías, supermercados e almacenistas de alimentación. Coa entrada na empresa de Marco Barra e logo de Pablo Barra, fillos do propietario, aínda que manténdose nas bases de negocio empezan a dar un xiro en busca doutros mercados e outra liña de produtos máis enfocados ao mundo da restauración cunha gama gourmet para poder atender as demandas dos mellores clientes do sector. En 2001 empeza a comercializar algún viño de calidade que acompaña no porfolio dos comerciais da empresa a unha ampla gama de produtos delicatessen. A partir de 2006 comeza un novo proxecto sobre a base do mercado da gastronomía e comercializa produtos conxelados de gama alta. A zona de influencia da empresa é toda a provincia de Ourense ata que no ano 2012 compra unha distribuidora na veciña provincia de Lugo ampliando a súa zona de traballo ás dúas provincias da franxa este de Galicia. Co tempo vai incorporando adegas de Galicia e do resto do territorio nacional así como fabricantes de primeiro nivel nacional e internacional de produtos gas-



■ Limpezas Vázquez téñen máis de 30 anos de experiencia.

tronómicos de calidade. Algunhas das adegas que distribúe a empresa son: Algueira, Alodio e Guímaro (Ribeira Sacra); Alberte, Pazo Casanova e Sameirás (Ribeiro); Vía Arxentea, Gargalo e Ronsel do Val (Monterrei); Alán de Val e A Coroa (Valdeorras); Mar de Frades, Troupe e La Val (Rías Baixas); Ramón Bilbao, 200 Monges e Luís Alegre (Rioja); Emilio Moro, e Cepa 21 (Ribera del Duero). No referente á alimentación segue a mesma liña de produtos de calidade e traballan

as tres temperaturas, ambiente, frío positivo e conxelación. A gama de produtos inclúe carnes de vacún maior e boi, e carnes de porco ibérico; bacallau, queixos, embutidos, afumados, salgadas, foie, precociñados e unha extensa gama unhas 2000 referencias en stock e aproximadamente unhas 12.000 sobre pedido. Os futuros proxectos van na liña de apertura de tendas propias e na fabricación de semiconservas para restauración. S.L.



■ No stand de Madisor degustáronse viños de varias denominacións de orixe.



## Novas da Raia

VALENÇA

# Melgaço estabeleceu novos recordes de voluntariado na acção “Um Dia Pela Vida”



A iniciativa “Um Dia Pela Vida”, da Liga Portuguesa Contra o Cancro (LPCC), soma já mais de dez anos de iniciativas em Portugal, de Norte a Sul, mas foi em Melgaço que “bateu recordes” de adesão da sociedade civil no primeiro dia de campanha. A acção de sensibilização, que se prolongará até 18 de Junho, deu a

12 de Março o seu primeiro passo e o auditório da Escola Superior de Desporto e Lazer encheu-se para receber as equipas, oradores e mentores desta iniciativa. Neste dia, um total de vinte e três equipas receberam os elementos que distinguirão os grupos nas iniciativas a desenvolver na sua área de acção. A cerimónia de abertura da cam-

panha contou com momentos musicais, a cargo de alguns alunos do 4º grau de ensino da Academia de Música Fernandes Fão, Melgaço, e a animação do grupo de concertinas de Castro Laboreiro, além de oradores e testemunhos de personalidades de renome.

Num misto de surpresa e confiança no espírito solidário da sociedade

civil, o autarca de Melgaço, Manoel Batista enalteceu a “enorme apêndice e vontade” dos melgacenses para uma causa que os sensibiliza. “A doença do século XX e XXI”, uma preocupação transversal a muitas famílias que vivem de perto este problema, aproximou a comunidade local do apelo da Liga Portuguesa Contra o Cancro. A expressiva adesão e acções desenvolvidas ou em agenda surpreendeu num concelho onde “não há uma cultura muito grande de associativismo, de congregar esforços de forma articulada”, reconhece o edil melgacense, apontando no entanto com agrado o “sinal” de que “a sociedade civil está a crescer, tem noção das suas responsabilidades cívicas e políticas e está a saber organizar-se em torno de causas”. Frisando que a participação da autarquia nesta campanha é “meramente colaborativa”, Manoel Batista promete “ajudar a que o projecto chegue a bom

porto a 18 de Junho”, mas remete os louros do eventual sucesso da campanha às mais de 500 pessoas que contribuem para esta missão. Pela mesma linha de entendimento segue a responsável local da campanha “Um Dia Pela Vida”, Dra. Hebe Zamagna, satisfeita com o meio milhar de pessoas que neste dia acorreram à chamada.

De Padrenda, Galiza, um numeroso grupo aderiu à iniciativa e participará em massa nesta missão solidária. Adriano Marques de Magalhães, côsul da República do Equador, advogado, empresário, escritor e político galego, natural de São Gregório (Melgaço), marcou presença nesta primeira sessão e foi o elemento acarinhado de uma equipa extensa que já prepara uma participação considerável numa acção internacional da campanha, inscrevendo cerca de uma centena de participantes numa caminhada que percorrerá ambos os países.

SALVATERRA

## Ceia concerto ‘Chicago–Fornelos’



Este sábado a Sociedade Cultural e Desportiva (SCD) do Condado vai ajudar a tender uma ponte entre Fornelos e Chicago numa nova edição das suas ceias-concerto. O duo de músicos asentados em Salvaterra de Minho ‘Chicago-Fornelos’ apresenta o seu novo projecto numa actuação exclusiva para a SCD Condado.

A ceia começa às 21:30 e conta com opção vegana (cômpre indicar no momento da reserva). O preço da entrada é de 12 euros, com opção reduzida a 8 euros para pessoas desempregadas. O

concerto será, aproximadamente, às 23:00, e a entrada é livre. Pode-se reservar escrevendo a [info@scdcondado.org](mailto:info@scdcondado.org) ou ligando ao 646 959 587.

Para mais informação pode-se contactar com o mesmo endereço de correio electrónico [info@scdcondado.org](mailto:info@scdcondado.org) ou chamar ao 671 200 160 (Lara Soto).

A SCD do Condado agradece a difusão desta convocatória, com a que se contribui a potenciar o tecido associativo local e popular. Ficamos ao vosso dispor para responder perguntas ou aportar-vos mais informação.

## XANTAR DE CONFRATERNIDADE REPUBLICANA Tui, 16 de abril de 2016

### Programa:

Alameda de Tui

12:30 h. Ofrenda Floral no Monumento aos Represaliados do 36

### Homenaxe

“As mulleres Galegas, Republicanas Asasinadas e Represaliadas polo fascismo franquista”

### Recuperación da memoria, ningún falou deles:

A Andres Gomez Bortes, Camposancas, Mauthusen

Jose Urgal Fernandez, Malvas, San Cristobal

Daniel Robalo Castro, Tomiño, San Cristobal

Amador Rodriguez Sallo “O Tarzán”, Salceda, San Cristobal

Parador San Telmo 14:00 h.

Degustación de viños da Turonia

Xantar

Sobremesa:

Actos de participación culturais e festivos

Entrega do libro nº3 Memoria e

Sentimento

Invitación: 30 euros

Organiza:

LEVADA LIBRE

Información e reservas ata o día 12 de abril

[levadolibre@gmail.com](mailto:levadolibre@gmail.com)



## PORRIÑO

## A alcaldesa busca solución para o problema de calor da Escola Infantil de Doantes



**A**lcaldesa, Eva García de la Torre, xunto coas concelleiras de Benestar, Soledad Girón, e Educación, Lourdes Moure, visitou este xoves a Escola Infantil de Doantes para coñecer as actividades que leva adiante, recibir información sobre as súas necesidades e facer entrega da última parte dos libros infantís que ven de achegar o Concello ás 30 unidades de Educación Infantil do Porriño coincidindo co Día Mundial do Libro Infantil.

Durante á visita, Eva García de la Torre analizou coa directora do centro, Andrea Ledo, un dos problemas que presenta o mesmo: a calor que vai dentro do recinto escolar e que afecta á actividade dos pequenos, en especial nas aulas con amplas cristaleiras. A alcaldesa comprometeuse a colocar de inmediato como medida de emerxencia, unha toldaxe que mitigue o abafe nos días de sol, mentres un arquitecto municipal estudará unha solución definitiva.

A alcaldesa lembrou que, dende hai máis dun ano, existía un compromiso do anterior equipo da Consellería de Benestar para actuar nesta Escola, maila ao cal “dende o Goberno de Galicia, que ten a competencia nesta materia, non se fixo nada: por elo, a Alcaldía vaise a ocupar de dar solución a esta situación”.

A Escola de Doantes ten un total de 61 prazas, 58 para nenas e nenos e 3 máis de emerxencia; ademais, para o curso que ven, xa se adxudicaron 40 prazas dos máis de 100 solicitudes.

Lourdes Moure sinaló que aínda que xa rematou o prazo ordinario para a matrícula, haberá dúas convocatorias “extraordinarias” en setembro e decembro, engadindo que, dado que se aceptan traslados dende outros concellos, veñen de aumentar, “de xeito notabel”, as solicitudes enviadas dende lugares como os de Salceda ou Pontareas.

## O INE rectifica: O Porriño ten case 20.000 habitantes

Segundo confirmou o Instituto Nacional de Estatística (INE) oficialmente á alcaldesa, nunha comunicación que entrou no Rexistro Municipal con data 29 de marzo, a día 1 de xaneiro deste ano, a cifra de poboación do concello era de 19.559 habitantes.

Eva García de la Torre sinala que este incremento de 1.009 veciños en relación co dato do que dispuña o INE, foi posible logo da reestructuración do departamento do Padrón Municipal e o “excelente traballo dos funcionarios” que, segundo subliña a alcaldesa, foron quen de actualizar a estatística real de habitantes da vila de xeito que, “agora reflicte a realidade e nos achega aos 20.000 habitantes”, unha cifra que podería estar máis preto ao final da recolleita de información que están levando a cabo os traballadores municipais en relación con 283 veciños. De confirmarse, finalmente, estos casos e a súa alta, dacordo coa lei, dentro do listado de empadramento, O Porriño podería ter iniciado este 2016 con 19.842 habitantes, a

tan so 158 dos devanditos 20.000.

A alcaldesa quere poner en valor a importancia de chegar a este número de veciños, o cal se traducirá nun incremento da tributación que o concello recibe do Estado; a diferenza en débeda por habitante, a mellora nos ingresos que deben achegar a Deputación e o Goberno de Galicia, o peso e representación na nova Área Metropolitana de Vigo ou, no eido electoral, o aumento no número de concelleiros que integran a Corporación local. “Todas elas son ventaxes das que se beneficiarán as porriñesas e os porriñeses dado que serán os destinatarios de máis orzamentos e investimentos procedentes das distintas administración públicas, cantidades que Terán coma destino direto a mellora do benestar de todas e todos eles”.

Eva García de la Torre quere agradecer o “excelente traballo dos funcionarios”, que veuse recoñecido pola actualización oficial do Instituto Nacional de Estatística (INE), unha laboursa en prol dos intereses dos porriñeses.

## MONDARIZ

## O Goberno de Mondariz presenta unha cuestión de confianza vinculada aos Orzamentos

### A oposición tumba os orzamentos e bloquea o desenvolvemento de Mondariz

**O**Goberno local de Mondariz de AporM-PSOE, convocou esta mañá un Pleno Extraordinario no que presenta “unha cuestión de confianza vinculada aos Orzamentos”, de cara a conseguir un desbloqueo da situación producida logo que, no Pleno do pasado sábado, todos os grupos da oposición votasen en contra da proposta de Orzamentos municipais presentada polo bipartito.

O Goberno mondaricense, que segue aberto ao diálogo de cara a acadar uns orzamentos que permitan “afrontar os proxectos de futuro máis urxentes”, asegurou “non entender” a postura da oposición que tiña nas súas mans, dende facía tres semanas, o borrador dos orzamentos municipais e que “en ningunha das reunións que se celebraron, propuxeron ningunha mellora, nin fixeron ningunha achega aos mesmos”.

A proposta da oposición de retirar da Orde do Día o punto dos orzamentos “para negociar sobre os mesmos”, o único que conseguiría é atrasar a posta en marcha dos mesmos.

Se houbera vontade de chegar a acordos, asegura o Goberno de Mondariz, “unha abstención no Pleno, tería sido un pequeno xesto como demostración de confianza, e nos permitiría sentarnos o luns a negociar e chegar a acordos”, pero un “bloqueo como o realizado no Pleno, non da garantías de futuro para Mondariz”.

O Goberno ten a responsabilidade de asegurar o mellor para Mondariz e o mellor, afirman AporM-PSOE, “e desbloquear a situación dada polo rexeitamento plenario dos orzamentos”. Aínda que aseguran estar dispostos a “sentarse a falar para acadar acordos”. O Goberno bipartito “convocou un Pleno Extraordinario no que se presenta unha cuestión de confianza vinculada aos orzamentos”.

“Gobernar é máis que un xogo”, afirma o Goberno de Mondariz, “porque se está a falar do futuro do municipio e de todos os veciños e veciñas”. Ante unha situación “grave” como a creada, “non se pode andar con ambigüidades e é o momento de decidir”.

## SALCEDA DE CASELAS

## O Concello de Salceda facilita os pagos dos recibos de Catastro

**O**Concello de Salceda de Caselas, a través da Concellería de Facenda que dirixe José Luis González, ven de informar das facilidades que pon a disposición dos veciños e veciñas para realizar os pagos dos recibos do ORAL que están a recibir estes días despois do Proceso de Regularización catastral levado a cabo pola Delegación de Catastro do Ministerio de Facenda. Así, as débedas de ata 600 € poderán fraccionarse ata nun máximo de 6 meses, as débedas de 601 a 2.400 € ata 10 meses, as débedas de 2.400 a 6.000 € nun máximo de 15 meses, e a partires de 6.000 € as débedas poderán dividirse ata en 18 meses. O Concello facilita esta medida conscientes da dificultade que para moitas familias pode supoñer o ter que facer frente ao pagamento das cantidades que se lles reclaman. Lembrande o Concello de Salceda que a revisión dos bens inmobles iniciouse no 2013 polo Ministerio de Facenda e Administracións Públicas en todo o territorio español, e culmina neste ano 2016. O Estado trata así de detectar as melloras, ampliacións e novas edificacións realizadas polos veciños e veciñas, coobxectivo de que o Catastro teña información das modificacións realizadas e que, polo tanto, os seus propietarios paguen por elas. A ferramenta empregada, ademais do traballo de campo realizado, foi a das ortofotos, é dicir, imaxes aéreas que reflicten os cambios realizados. Lembrantaménde o Concello que hai-

xente que xa leva tempo pagando por todo o que ten (piscinas, galpóns, porches, bodegas, etc). Esta regularización corrixe estas desigualdades con respecto ós veciños e veciñas que xa estaban pagando por todo o que tiñan con respecto aos que non o facían. Lembran ademais dende o Concello, que con este proceso evítanse as multas que poderían ter que afrontar os propietarios por non ter declaradas estas edificacións no rexistro do Catastro tal e como obriga a lei.

Tras a regularización levada a cabo, agora os propietarios están a recibir nas súas vivendas os recibos do ORAL dos últimos catro anos (os anteriores prescribiron), polo que o Concello de Salceda se suma ás medidas de fraccionamento posibles para facilitar o pago dos mesmos aos seus veciños e veciñas. Para elo, os afectados poden dirixirse á oficina habilitada para os temas relacionados con Catastro, no segundo andar da Casa do Concello.

José Luis González, Concelleiro de Facenda: “Estamos ante un proceso do Ministerio de Facenda que afecta a grande parte dos nosos veciños e veciñas, sobre todo os habitantes do rural e que corrixe as desigualdades entre uns e outros. Poremos todas as ferramentas que a lei nos permita a disposición dos veciños e veciñas de Salceda para que estes e outros pagamentos desequilibren na menor medida posible as economías familiares”.

# Pedro Madruga en Salvaterra



As murallas que serpentean arredor da acrópole de Salvaterra latexan as derradeiras pegadas de Pedro Madruga, o enigmático I Conde de Camiña, Vizconde de Tui,

Señor de Salvaterra e Soutomaior, Mariscal de Bayona, dono practicamente do sur de Galicia no século XV, inimigo dos Sarmiento de Salvaterra, chegando a mandar degolar un, na sua

presencia, e manter preso outro 5 anos. Pero a ambición de xuntar as suas posesións de Galicia coas de Portugal, levouno a apostar por Joana a Beltraneja, no pleito sucesorio

con Isabel de Castilla, e ao gañar ésta, Pedro Madruga cae en desgracia, traicionado polo propio fillo primoxénito, Don Alvaro, que acepta colaborar cos Reis Católicos.

Cansado e humillado, refúxiase en Portugal, desherda e maldí ao fillo traidor e deixa atrás unha xeira de desgracias, dignas dunha dramatización Shakespeariana. En Salvaterra latexa o eco destes convulsos sucesos.

## TUMBA DA SUA FILLA

O primeiro chispazo salta co asasinato da sua filla política, II Condesa de Camiña, viuva de Don Alvaro, DOÑA INES ENRIQUEZ, vítima dunha emboscada tramada polo fillo, Don Pedro, III Conde de Camiña, cando pasaba pola Ponte de Mourerán.

A tumba da infortunada Condesa, cousa que pouca xente sabe, foi descuberta intacta, nas excavacións arqueolóxicas levadas a cabo na fortaleza de Salvaterra, cuberta con lousa, tipo lauda gótica, artística-

de Pedro Madruga toman Salvaterra, na chamada Guerra de Restauração, tentando recuperar na Galiza irredenta o patrimonio, supostamente expoliado daquela.

Constrúen novas murallas, con fachada monumental da que só quedan tres escudos pero picados, sin constancia do contido, anque intactas as coroas e a cruz acanalada da Dinastía de Braganza.

Nesta demostración heráldica de dominio, a coroa central correspondes ao Escudo Nacional Portugués, as laterais son perladas e corresponden a Condes. Por coherencia debían ser o Conde de Camiña e de Caltel Melhor, xeneral das armas lusitanas que tomou a vila.

¿E cá l sería o final do Conde de Camiña? Tal ves decidiu cruzar a fronteira e pedir perdón ós Reis Católicos en

I FESTIVAL DE CANTO E PANDEIRETA

A.C. PONTENOVA

DOMINGO 10 DE ABRIL AS 18:30H NA CASA DA CULTURA DE

SALVATERRA

GRUPOS;

GRUPO INFANTIL A.C. PONTENOVA

GRUPO INFANTIL ONDIÑAS DO MENDO

AS LUCERNAS DE FIOLEDO

GRUPO DE ADULTOS A.C. PONTENOVA

ORGANIZA

A.C. PONTENOVA

COLABORA

CONCELLO DE SALVATERRA



mente labrada co escudo heráldico da familia e a data 1515, 49 anos (en números romanos). Por tanto, fixo recentemente 500 anos, agora á intemperie, integrada no pavimento arredor da igrexa.

## HERÁLDICA

Outro recordo de Pedro Madruga está, posiblemente, no escudo heráldico da porta das murallas. No 1643, os herdeiros políticos

Alba de Tormes. Alí perdeuse a pista, unha noite de 1486 desapareceu repentinamente, dí o cronista contemporáneo Vasco da Ponte. Tal ves caeu en nocturna emboscada de conxurados ou disfrazado de navegante, co nome de Cristóbal Colón, conquistou América. De ser así, hai que reivindicar que antes de cruzar o Atlántico cruzou moitas veces o Rio Miño por Salvaterra.

## SALVATERRA



**COLOQUIOS DA EUROCIDADE**  
MONÇÃO-SALVATERRA DE MIÑO

**"Expressões de Cidadania no Feminino na Região Luso-Galaica"**

**8 ABRIL** INAUGURACIÓN DA EXPOSICIÓN  
EXPRESIONES DE CIUDADANÍA NO FEMININO  
Casa Museo de Monção da Universidade do Minho  
18.00h. Inauguración a cargo do Concello de Monção e da Eurocidade.  
Exposición de obras de artistas da Eurocidade.

**CONCERTO / CONFERENCIA**  
"A MÚSICA DE EXPRESIÓN IBÉRICA"  
Carmen Domech  
Auditorio da EPRAMI  
21.00h. Inauguración a cargo do Concello de Monção e da Eurocidade.

**9 ABRIL** COLÓQUIO  
"EXPRESIONES DE CIUDADANÍA NO FEMININO"  
A partir das 10.30h. Aberto.

**INTERACCIÓN ENTRE XÉNEROS - NA LITERATURA, NA HISTORIA E NA ARTE**  
Marta Urraca e a súa familia  
10.30h. Inauguración a cargo do Concello de Monção e da Eurocidade.

**EURÓCIDADES - POR UNA CULTURA DE IGUALDADE**  
Marta Urraca e a súa familia  
10.30h. Inauguración a cargo do Concello de Monção e da Eurocidade.

## Actividades da Eurocidade Salvaterra-Monção

